# IES DE RODEIRA

Programación Departamento
de CC SS, Xeografía e Historia
2022/ 23

## **Distribución das materias e grupos entre o profesorado.**

Dna. Teresa Rodríguez Rodríguez Educación Permanente de Adultos nivel III.1º e 3º ESO; 2º e 4º ESO. Obradoiro de Adultos; Comunicación 1º ESA.

D. José Mario Domínguez Cabaleiro: Hª de España de 2º Bac. en 2 grupos (C,D) e Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bac., 3 grupos (D,E).

Dona Rita Estévez Estévez: Historia da Arte de 2º de Bacharelato en 1 grupo (D,E), Xeografía e Historia de 4º de ESO en 4 grupos (A,B,C,D).

Don Francisco José Padín Nogueira: 2 grupos de 2º de Bacharelato (A. B) e Xeografía e Historia de 1º de ESO, 4 grupos (A,B,C,D)

Dona Dolores Carmen González Nores: Xeografía e Historia de 3º de ESO, 4 grupos (A,B,C,D) 1 grupo de FP Básica 1.

Don Alejandro Pardo Rodríguez: 2 grupos de Xeografía de 2º de Bacharelato (C,D) e Xeografía e Historia de 2º de ESO, 4 grupos (A,B,C,D)

# Índice


1- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ....................................................................4

2- OBXECTICOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA ..................................................6

3- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE (LOMCE)........................7

4- OBXECTIVOS XERAIS DA XEOGRAFÍA E HISTORIA NA ESO (LOMCE)..........,.......10

5- METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL…………….........................12

6- PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL NA ESO ...................12

7- XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO ...........................................................................12

8- CIENCIAS SOCIAIS 4º ESO. HISTORIA ...................................................................27

9- PLAN DE TRABALLO PARA RECUPERACIÓN MATERIAS PENDENTES DA ESO.....48

10- PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNO REPETIDOR NA ESO.......................................................................................................................49

11- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ...........................................................49

12- EDUCACIÓN EN VALORES .....................................................................................49

13- CONTRIBUCIÓN Ó PLAN LECTOR E PLAN TIC ......................................................50

14- HISTORIA DE ESPAÑA – 2º BACHARELATO ..........................................................51

15- HISTORIA DA ARTE DE 2º DE BACHARELATO .......................................................92

16- XEOGRAFÍA DE ESPAÑA 2º DE BACHARELATO ....................................................118

17- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESA. ÁMBITO DE COMUNICACIÓN..............................153

18- PROMACIÓN DIDÁCTICA FPB1. COMUNICACIÓN E SOCIEDADE..................................191

19- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA ..........................................192

20- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN ..............................................192

**1-. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

Neste curso 2022-2023 entrará en vigor a reforma educativa, LOMLOE, para os cursos 1º de ESO, 3º de ESO e 1º de Bacharelato. As programacións correspondentes serán elaboradas polo profesorado responsable de forma dixital desde o inicio do curso. A presente programación abrangue, pois, ós cursos que non entran na reforma, é dicir, Xeografía e Historia de 2º e 4º de ESO, Historia de España, Historia da Arte e Xeografía de 2º de Bacharelato, así como a de Educación para adultos. A programación de FP Básica 1, que será impartida polo noso Departamento durante o presente curso, tamén será elaborada dixitalmente.
A área ten unha recoñecida especificidade nas últimas construcións curriculares e resulta innegable que constitúe unha contribución fundamental para a formación do alumnado na educación secundaria obrigatoria.
Coas materias desta área preténdese profundizar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.
A atención particular que se concede á xeografía e á historia como referentes da área, queda xustificada polo seu acusado carácter integrador e globalizador e pola súa sensibilidade ao interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo. Por outra parte, a complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas - educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.
Para a análise da dimensión espacial resulta axeita do o enfoque ecoxeográfico,que permite tomar en con sideración as múltiples variables - naturais e antrópicas que conforman un espazo e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar reposta.
A historia débelle proporcionar ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro.
É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.
En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Do mesmo xeito, cumpriría enfiar ao longo do currículo de todos os cursos tres elementos de análise que consideramos imprescindibles para comprender a realidade social: a historia, o espazo e os recursos.
Por outra parte, as dúas materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia.
Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.
A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.
Os contidos e criterios de avaliación organízanse por cursos. Por claridade,os primeiros agrúpanse en bloques, e estes diferencian epígrafes con aspectos con cretos. En todos os cursos traballarase un bloque inicial denominado “Contidos comúns” no cal se inclúe a aprendizaxe de aspectos fundamentais no coñecemento xeográfico e histórico, e que valoran, sobre todo, procedementos e actitudes que, en certa forma, condicionan o desenvolvemento dos contidos das outras epígrafes.
No primeiro curso abórdase o estudo dos medios naturais -A Terra e os medios naturais, sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga.
No segundo curso, introdúcese en primeiro lugar o bloque que abarca o marco temporal que vai das sociedades medievais ata a configuración do estado moderno.

A continuación, o estudo da poboación, dos comportamentos e tendencias demográficas e das súas consecuencias -Poboación e sociedade, así mesmo, os trazos particulares da sociedade galega, española, europea e mundial desde a comprensión da súa estrutura e diversidade.
Abórdase tamén a realidade rural e urbana, con especial atención aos procesos e modalidades de creación do espazo urbano, os seus problemas e as formas de vida que o caracterizan.
Corresponde a terceiro curso a análise do territorio como espazo humanizado nas súas diferentes facetas e ámbitos.
En cuarto curso, insístese na evolución e caracterización das sociedades actuais, comezando polas bases históricas desde a fin do antigo réxime e as transformacións económicas, políticas e sociais que caracterizan o mundo contemporáneo desde o século XVIII ata a primeira metade do século XX, sen esquecer referencias concretas a España e a Galicia.

**MARCO LEGAL**

Relación de leis, decretos e ordes a ter en conta na elaboración das programacións:

- LOE Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (BOE 106, do 04/05/2006)
- Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas na ESO.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG).
- Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na ESO na CAG.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula a uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da ESO na CAG.
- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na CAG. (DOG do 23 de xuño de 2008).
- Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas do bacharelato na CAG. (DOG do 27 de xuño de 2008).
- Orde do 25 de xuño de 2008, pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta. (DOG do 27 de xuño de 2008).
- Orde do 23 de setembro de 2008, pola que se amplía a oferta de materias optativas de bacharelato e se establece o seu currículo. (DOG do 29 de setembro de 2008).
- Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2009/10. (DOG do 22 de xuño de 2009).
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orden de 26 de febrero de 2016, pola que se modifica a Orden ECD/1361/2015, de 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bachalerato
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instruccións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G. nº 174 Bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité

Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto do COVID 19 nos Centros de Ensino non Universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.

- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas relevantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas da comunidade lusófona.

## 3.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.

***<u>Descrición do modelo competencial</u>.***

Na descrición do modelo competencial, incluímos o marco de descritores competenciais xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde lles permitamos aos escolares a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, para iso cada unha rómpese en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rompemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao escolar competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos observar nas actividades deseñadas para o seu adestramento.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos escolares sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos escolares aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar desde as diferentes potencialidades que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

## ***Na área de Xeografía e Historia***

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCCT*
Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor e responder preguntas.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

*Comunicación lingüística CCL*
A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:
- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

*Competencia dixital CD*
A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en

distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

*Conciencia e expresións culturais CCEC*

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de xeografía e historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

*Competencias sociais e cívicas CSC*

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumnado asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes.
Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de darlles resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático

Os descritores que adestraremos son os seguintes:
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSIEE*
A participación activa do alumnado nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.
O alumno ou alumna deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

*Aprender a aprender CAA*
A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles resposta ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de secundaria obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## 4.- OBXECTIVOS XERAIS DA XEOGRAFÍA E HISTORIA NA ESO

O ensino das ciencias sociais, xeografía e historia, nesta etapa, terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resulta do de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de

causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.

- Identificar, localizar e analizar, a diferentes esca las, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.
- Valorar a diversidade cultural -puntos de vista, for mas de vida, códigos morais- manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e amaneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio-cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
- Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participan do activamente na súa conservación e mellora.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitualmente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional e comparalo co coñecemento social.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Resolver problemas e levar cabo estudos e investigacións escolares aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz. Denunciar, por tanto, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollen do, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

## 5.- METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL:

Unha vez comprobado que todo o alumnado de ESO, Bacharelato e ESA dispón de medios á súa disposición para seguir as clases telematicamente e que todo o alumnado está matriculado nos cursos de Xeografía e Historia e que pode acceder sen problemas á aula virtual para a entrega de tarefas, o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia empregará os medios ó seu alcance para o desenvolvemento educativo nos caso de confinamento parcial ou total.

Durante todo o período en que o ensino teña que ser necesariamente a distancia, o profesorado empregará as vídeo conferencias para o seguimento do alumnado, explicacións teóricas, resolución de dúbidas e de tarefas propostas na Aula Virtual do IES de Rodeira, empregando aqueles sistemas aconsellados pola Consellería de Educación, ben Webex, ben calqueroutro. Por acordo do Departamento, en consonancia coa proposta de Dirección, o horario das videoconferencias coincidirán co horario da materia determinado para cada grupo. No caso de ser necesaria a súa alteración, esta debe producirse trala consulta e visto bo de xefatura de Estudos e do titor do grupo.

En prol do dereito á educación e para evitar situacións de absentismo, terase en conta:

a. Que nas situacións de ensino online ou semipresencial derivadas da suspensión das actividades lectivas presenciais, consideraranse faltas de asistencia a non participación nas sesións telemáticas que se poidan convocar polo profesorado (videochamadas, reunión online, etc…)
b. Considérase que o alumno está faltando inxustificadamente ás clases cando non se produza ningún tipo de conexión, actualización de estado ou falta de comunicación durante unha semana na aula virtual, correo-e ou mesmo vía telefónica.

O profesor poderá requerir a participación do alumnado en calquera momento da sesión, participación que poderá ser tida en conta na avaliación do alumnado.

A proposta e entrega de Tarefas, así como todos os materiais que se consideren oportunos para o desenvolvemento curricular e dos estándares, presentacións, fichas de traballo, materiais de apoio, enlaces url ec. serán incluídos polo profesor no seu Curso na Aula Virtual do IES de Rodeira. Tamén se poderán empregar enderezos electrónicos para que o alumnado transmita ó profesor, dúbidas, petición de explicacións parciais, suxestións...e, se fose preciso, chamadas telefónicas o wassaps.

No caso de ser necesario, se o/a alumno/a non poidese acudir ó centro para realizar as probas escritas, contémplase a posibilidade de que o alumnado realice probas de avaliación mediante videoconferencia nunha data proposta polo/a profesor/a. Durante a proba o/a profesor/a poderá formular preguntas orais ou escritas. Durante a realización da proba telemática o son e a cámmara deberán estar conectados en todo momento. Poderanse propoñer tamén tarefas que, nalgúns casos, serán avaliadas seguindo as rúbricas que o profesor previamente poña en coñecemento do alumnado. Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, así como o sistema de cualificación serán os mesmos que no ensino presencial.

## 6.- PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL NA ESO

Nos diferentes niveis da ESO realizarase unha avaliación inicial (coñecementos básicos, comprensión oral e lectora, ritmo de traballo, entre outros aspectos). Os procedementos empregados serán actividades orais e escritas nas primeiras sesións de clases. Os resultados reflectiranse nas actas de avaliación inicial do centro, o comentado por parte de todo o profesorado do grupo e recollido nestas sesións de avaliación, servirán para a atención individualizada e a diversidade.

## 7.-XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

No contexto do segundo curso da educación secundaria obrigatoria, a materia de Xeografía e Historia ten que ampliar e afondar nas competencias e coñecementos básicos nos que o alumnado ven de introducirse no primeiro curso. Un primeiro ciclo que atende principalmente aos contidos históricos da Idade Media que servirán como asento e para dar paso ao estudo do século XV e a Historia Moderna no seguinte curso de 3º. Pero tamén é necesario consolidar os coñecementos de xeografía física que adquiriron

no anterior curso e amplialos cara á xeografía humana, aspecto que en 3º cobrará gran protagonismo. Prestarase atención a aqueles contidos non impartidos na excepcionalidade do pasado curso 2019/2020 corresponentes coa xeografía física mundial e europera no currículo: B1.1., B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8 e B1.9.

## 1. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

### 1a. Obxectivos

Os obxectivos da materia distinguen tres dimensións: **coñecementos básicos** -saberes substantivos-, **procedementos** -dimensión metodolóxica-, e **valores** -dimensión axiolóxica-.

**a.** A área de estudo acouta os **coñecementos básicos**:

a) Debuxar a situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
b) Analizar as características da Alta Idade Media en Europa.
c) Analizar o proceso de conquistas e o repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica.
d) Afondar nos aspectos socio-económicos, políticos e culturais no contexto da evolución dos reinos cristiáns e musulmáns.
e) Valorar arte na Idade Media e as súas diferentes manifestacións e funcións.
f) Coñecer os efectos económicos e sociais da crise da Baixa Idade Media.
g) Coñecer, describir e situar no mapa as características do medio físico de España e de Galicia.
h) Localizar no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo.
i) Coñecer os riscos naturais e problemas medioambientais de España, e os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia.
j) Afondar na análise da poboación, movementos migratorios, características e evolución.
k) Reflexionar sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución e dinámica.
l) Analizar a evolución das grandes zonas urbanas.
m) Coñecer as características e distribución espacial das áreas urbanas en España e Galicia.

**b.** O dominio do pensamento histórico comporta **procedementos** que posibiliten un tratamento metodolóxico que asuma a natureza e valor do coñecemento científico:

n) Inferir da análise das fontes a información pertinente para o seu emprego como proba na explicación histórica.
o) Articular a explicación histórica acudindo á complexa rede pluricausal e de pluriefecto que configura todo fenómeno histórico.
p) Construír unha comprensión histórica do tempo como proceso de cambio e continuidade non lineal, na que o presente é produto diferente do pasado e xerme do futuro.

**c.** A dimensión dos **valores** aborda as súas connotacións axiolóxicas, que contribúen a fomentar a conciencia social crítica e a autonomía persoal:

q) Analizar criticamente os discursos xenófobo, clasista, belicista, androcéntrico, fascista e de outras formas de xustificación da opresión, desvelando os intereses que agochan.
r) Atender á experiencia histórica de xente anónima que teñen feito historia pero non escribiron Historia, e das mulleres historicamente invisibilizadas baixo a mirada androcéntrica.
s) Asentar unha conciencia social crítica cunha comprensión lúcida e emancipadora da realidade social, que arraigue valores de cooperación, implicación e compromiso cívico.

### 1b. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

O **perfil competencial** da materia queda definido pola súa contribución de xeito específico ás dúas competencias que máis directamente nos atanguen:

- ❖ **Competencia social e cívica (CSC).** A materia contribúe á empatía social a través do coñecemento das realidades e ideoloxías historicamente contextualizadas, ao tempo que a súa dimensión axiolóxica desenvolve o xuízo crítico e o diálogo na resolución de conflitos.
- ❖ **Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC).** Esta competencia concrétase na nosa materia ao fomentar a sensibilidade cultural e a educación da mirada.

En relación ás anteriores e coa perspectiva metodolóxica da materia, é fundamental:

- ❖ **Aprender a aprender (CAA).** Entendida como *aprendizaxe autónoma*, exercitando a transformación da información en coñecemento por medio de métodos científicos.

As outras competencias, pola súa parte, adquiren distinta relevancia:

- ❖ **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Promovida con actividades colaborativas de planificación, resolución e avaliación de traballos, e a elaboración autónoma do portafolio.
- ❖ **Competencia de comunicación lingüística (CCL).** De relevancia por canto dificilmente se poden segregar procedementos comunicativos escritos e orais da produción intelectual, e moi salientable dentro das ciencias sociais, onde ten especial importancia o emprego de fontes e probas históricas no discurso interpretativo.
- ❖ **Competencia dixital (CD).** Tanto fin coma instrumento, ao integrar de maneira non anecdótica as ferramentas TICs no proceso de ensino e aprendizaxe, tanto no tratamento da información na rede como na confección de material polo alumnado. Así como no emprego da Aula Virtual como ferramenta e lugar de traballo.
- ❖ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**. Ademais da asunción das matemáticas como un tipo de linguaxe pola que se estruturan os mapas neuronais mediante relacións lóxicas, fomentando o pensamento abstracto e inferencial, as matemáticas teñen unha aplicación directa nas ciencias sociais na análise de gráficos, estatísticas e táboas de datos sobre distintos aspectos da realidade histórica.

## 2. <u>CONTIDOS</u>

### 2a. <u>Unidades Didácticas</u>

1.- UD 1.- O inicio da Idade Media. Bizantinos e xermanos
A Idade Media. Etapas e culturas.
O Imperio Bizantino
Os reinos xermánicos

UD 2.- O Islam
O nacemento do Islam
A expansión islámica
Economía, sociedade e arte islámica

UD 3.- A Alta Idade Media
Economía e sociedade feudais
A arte románica
A Península Ibérica entre os séculos VIII e XI

UD 4.- A Plena Idade Media
Conflitividade social e económica

A arte gótica
A Península Ibérica entre os séculos XI e XIII

UD 5.- A Baixa Idade Media
A Baixa Idade Media en Europa
Al-Ándalus
Os reinos cristiáns
UD 6.- Repaso dos contidos de xeografía mundial e europea (1º da ESO)
Tipos de mapas e coordenadas xeográficas. Como se leen os mapas
Xeografía física mundial e Europa
As paisaxes naturais no mundo e Europa

UD 7.- A poboación mundial
Distribución espacial da poboación mundial
Os movementos naturais da poboación
Os movementos espaciais da poboación

UD 8.- Espazos naturais e humanos
O medio físico de España e Galicia
As grandes áreas urbanas no mundo
O proceso de urbanización. Problemas actuais

### 2b. Temporalización

1º trimestre:

1. O inicio da Idade Media. Bizantinos e xermanos
2. O Islam
3. A Alta Idade Media

2º trimestre:

4. A Plena Idade Media
5. A Baixa Idade Media
6. Repaso dos contidos de xeografía mundial e europea (1º da ESO)

3º trimestre:

6. A poboación mundial
7. Espazos naturais e humanos

## 3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

### 3a. Estratexia didáctica

Extraendo pautas dos postulados **construtivistas**, planifícase unha **estratexia didáctica** flexible que asigna respectivos papeis á docente e ao alumnado na dinámica de aula.

Optamos por unha **estratexia interactiva** que concibe a unidade didáctica como unha secuencia planificada de actividades. Reducindo o número de exposicións teóricas, reservadas para os contidos de maior densidade conceptual, corresponde a **docente** un dobre papel: **conducir** a clase distribuíndo e supervisando o traballo diario na aula e asegurar a súa continuidade argumental con **intervencións** previstas no transcurso de cada actividade.

Pero a aprendizaxe só e significativa se cada **estudante** afina a súa comprensión e desenvolve as súas capacidades en tarefas nas que opera co seu coñecemento e destrezas. Daquela, o alumnado ten tamén

asignado un papel en todas as **actividades** que esixe unha implicación persoal, mesmo que varíe a súa autonomía e dificultade. Perseguen un hábito de **aprendizaxe autónomo**, demandando aplicar o coñecemento en situacións novas, incluso polémicas.

Este ano co procolo anti Covid as **actividades cooperativas** deben cambiar o seu formato. A profesora formentará en todo momento o traballo colaborativo con actividades nas que dita colaboración sexa telemática ou con distanciamento de seguridade, proponse actividades nas que grupos de alumnos/as expertos/as cooperen dende o seu sitio na aula ampliando coñecementos entre ringleiras (mesmo contexto histórico/temporal/xeográfico) e columnas (mesmo campo do saber/tema).

### 3b. Relación entre metodoloxía e obxectivos e competencias

| Obxectivos e competencias | Metodoloxía |
|---|---|
| **Coñecementos básicos (CCL, CEC)** | • Resolución de exercicios de redacción<br>• Lectura e comentario de textos<br>• Debates e exposicións orais<br>• Emprego do vocabulario específico<br>• Comentario guiado de imaxes e fragmentos audiovisuais<br>• Exercicios de identificación, descrición, comparación<br>• Visitas didácticas: reais ou virtuais |
| **Procedementos (CAA, CMCT, CD)** | • Comentario de textos históricos e historiográficos<br>• Elaboración de traballos de investigación<br>• Comentario de gráficos e diagramas<br>• Comentario de mapas históricos e xeográficos<br>• Emprego de ferramentas dixitais para elaboración de apuntes, mapas conceptuais, eixes cronolóxicos, informes, exposicións<br>• Procura de información en internet |
| **Valores (CSIEE, CSC)** | • Traballos de resolución cooperativa<br>• Debates e postas en común<br>• Exercicios de argumentación<br>• Elaboración autónoma do portafolio do estudante |

### 3c. Materiais e recursos didácticos

- **Libro de texto** de Edit. Anaya (Ed. Ant.).
- Un compendio de **material** seleccionado para atender os contidos e as actividades de ensino e aprendizaxe deseñadas:
  - Textos históricos e historiográficos.
  - Gráficos e táboas estatísticas.
  - Mapas históricos e xeográficos.
  - Imaxes: fotografías e obras de arte.
  - Fragmentos audiovisuais de programas de radio, documentais, películas, series ou vídeos de Internet.
  - Presentacións en *Power Point* de elaboración propia.
- As **TICs**: a escolma de ferramentas dixitais que presentaremos ao alumando faise atendendo a súa utilidade e gratuidade, acompañadas sempre de indicacións para o seu emprego. Algunhas das máis recorrentes son: *OpenOffice* -elaboracións e traballos de investigación, *Tiki-toki* -eixes cronolóxicos-, *goconqr.com* -elaboración de mapas conceptuais e apuntes dixitais-, *generadordegraficos.com* -

elaboración de gráficos e diagramas, *Nearpod* e *explaineverything* -presentacións interactivas-, *Padlet* -muros dixitais-, *historicalmapchart.net* -creación de mapas históricos-, *EdPuzzle* -vídeos interactivos-. Tamén o **blog de clase** e a **aula virtual** do centro, empregados para aloxar tanto o material docente como o elaborado polo alumnado, así como de vía de comunicación.

## 4. AVALIACIÓN

### 4a. Criterios de avaliación

En relación aos obxectivos estabelecidos, derívanse os seguintes criterios de avaliación:

| Obxectivos | Criterios de avaliación |
|---|---|
| a) Debuxar a situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | a1) Elabora esquemas e mapas conceptuais sobre a economía a sociedade a política dos reinos xermánicos. |
| b) Analizar as características da Alta Idade Media en Europa. | b1) Define e explica os trazos do feudalismo. |
| | b2) Sinala o feudalismo e a arte románica como características da Alta Idade Media en Europa. |
| c) Analizar o proceso de conquistas e o repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica. | c1) Extrae conclusións sobre o proceso de expansión dos reinos cristiáns na Península Ibérica a partir de fontes históricas. |
| d) Afondar nos aspectos socio-económicos, políticos e culturais no contexto da evolución dos reinos cristiáns e musulmáns. | d1) Distingue entre aspectos sociais, económicos, políticos ou culturais nas características dos reinos cristiáns e de Al-Ándalus. |
| e) Valorar arte na Idade Media e as súas diferentes manifestacións e funcións. | e1) Sinala e distingue trazos da arte bizantina, románica e gótica. |
| f) Coñecer os efectos económicos e sociais da crise da Baixa Idade Media. | f1) Elabora esquemas e mapas conceptuais sobre as consecuencias económicas e sociais da crise do século XIV. |
| g) Coñecer, describir e situar no mapa as características do medio físico de España e de Galicia. | g1) Explica e sitúa no mapa as características do medio físico de España e Galicia. |
| h) Localizar no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo. | h1) Sitúa no mapa as principais unidades de relevo de España e Galicia. |
| i) Coñecer os riscos naturais e problemas medioambientais de España, e os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia. | i1) Elabora un texto argumentativo sobre os problemas medioambientais actuais. |
| j) Afondar na análise da poboación, | j1) Comenta gráficos e diagramas sobre |

| | |
|---|---|
| movementos migratorios, características e evolución. | demografía e movementos migratorios. |
| k) Reflexionar sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución e dinámica. | k1) Comenta mapas sobre distribución e movementos espaciais de poboación. |
| l) Analizar a evolución das grandes zonas urbanas. | l1) Resume os trazos xerais do proceso de urbanización no planeta. |
| m) Coñecer as características e distribución espacial das áreas urbanas en España e Galicia. | m1) Sitúa no mapa as grandes áreas urbanas de España e Galicia. |
| | m2) Sinala o peso dos diferentes sectores produtivos nas grandes áreas urbanas de España e Galicia. |

### 4b. Mínimos esixibles

Estabelécense unha serie de criterios mínimos esixibles para a superación da materia e que serán o referente da avaliación continua.

1. Emprega o vocabulario e a terminoloxía histórica adecuada.
2. Sitúa cronoloxicamente os principais acontecementos e procesos históricos da Idade Media.
3. Localiza sobre mapas históricos os principais acontecementos e procesos históricos da Idade Media.
4. Obtén información sobre o pasado a partir de fontes diversas.
5. Articula unha correcta expresión escrita e claridade expositiva.
6. Estabelece relacións pluricausais entre os factores que interveñen nun proceso histórico.
7. Define e sitúa no seu contexto conceptos históricos relevantes.
8. Elabora explicacións sobre feitos históricos axeitadas aso contidos.
9. Estabelece unha liña argumental nos comentarios de textos, imaxes, mapas e gráficos.
10. Constrúe mapas conceptuais e os incorpora ao seu portafolio.
12. Emite xuízos morais acordes cos dereitos humanos e ambientais.

### 4c. Procedementos de avaliación

Co obxecto de que a avaliación tome en conta diferentes dimensións do proceso de aprendizaxe, consta dun conxunto variado de **procedementos**:

**A.** **Probas escritas** de tipo cualitativo sobre a madureza do coñecemento e as capacidades, relacionadas coa diferenciación de conceptos, integración dunha serie de feitos nun marco contextual e elaboración dun discurso explicativo apoiado en probas documentais. Faranse dúas probas por trimestre.

**B.** As **producións** do alumnado son unha referencia fundamental na avaliación, entre as que se inclúen:

b1. Unha serie de **actividades**, escollidas e sinaladas en cada unidade didáctica, para ser corrixidas expresamente para a avaliación sumativa. Esta selección responde á súa

importancia formativa ou por responder directamente aos estándares de aprendizaxe.

b2. As **elaboracións e traballos de investigación**. Ocasión de valorar particularmente os procedementos, tamén o é de estabelecer normas de estilo e comunicación.

b3. O **portafolio** do estudante, revisado periodicamente e no que se acumulan as tarefas escolares -esquemas, apuntes, actividades-, nunha elaboración e organización autónoma.

### 4d. Instrumentos de avaliación

Configurando un marco flexible, tómanse como referencias:

**a.** **rúbricas de avaliación**, deseñadas especificamente para cada aspecto a avaliar. O seu emprego facilita obxectivar as diferentes dimensións avaliadas e a súa progresión, así como servir de ferramentas de autoavaliación e coavaliación para o propio alumnado.

os **estándares** de aprendizaxe estabelecidos polo currículo oficial, repartidos entre as sete unidades didácticas.

A sistemática **recollida de información**, pola súa parte, limítase a:

**b.** a **ficha individual** do estudante, no que se irán apuntando as súas circunstancias e actuacións significativas, as faltas de asistencia e os datos persoais, ademais de servir para o rexistro das cualificacións e dos mínimos esixibles para a cualificación positiva, referente da avaliación continua.

**c.** o **diario de clase** elaborado pola docente, no que se vai anotando o funcionamento da dinámica de aula e as rectificacións que conveña introducir, as interaccións do grupo e as incidencias que condicionen ou expliquen os rendementos.

### 4e. Sistema de cualificación

Con carácter xeral, a tradución numérica de todos os aspectos avaliados se estabelece entre 0 e 10, sendo 5 o mínimo para a cualificación positiva.

Os criterios de baremación para obxectivar as cualificación en cada trimestre contemplan:

**A. Proba escrita: 60%**

A nota correspondente ás probas escritas en cada trimestre resultará da media aritmética das dúas probas, sendo un “3” a nota mínima para proceder á media.

**B. Producións do alumnado: 40%**, repartido entre:

b1. Actividades avaliables e traballos de investigación: 30%

b2. Portafolio do estudante: 10%

## 5. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

### 5a. Recuperación durante o curso

A recuperación dos contidos da materia realizarase unha vez feita a entrega de boletíns de cada trimestre por medio dunha proba escrita sobre os contidos pendentes. Polo tanto, realizarase no trimestre seguinte, a excepción do terceiro onde se realizará simultaneamente coas recuperacións de finais de xuño e antes da avaliación.

Nas recuperacións de Xuño os alumnos terán a oportunidade de aprobar unha ou dúas avaliacións non superadas durante o curso.

### 5b. Recuperación da materia pendente

Con carácter de probas parciais, ao longo dos meses de febreiro e abril desenvólvense dous períodos de controis. Consistirán na resolución por parte do estudante coa materia pendente de dous cadernos de exercicios sobre os coñecementos básicos da materia. O primeiro caderno entregarase antes das vacacións de Nadal e o segundo antes de Semana Santa.

No caso de que non se realicen estes exercicios ou de que se suspendan, procederase ao correspondente exame de recuperación, contemplado no calendario previsto a tal sentido.

### 5c. Probas Extraordinarias

Na avaliación de setembro procúrase deseñar unha avaliación que recolla traballo e esforzo durante o verán, coa presentación de actividades recomendadas a remates de Xuño, que complementará a nota resultante.

En canto ao propio exame, este terá unha parte básica de Xeografía e de Historia.

## 6. TEMAS TRANSVERSAIS

Os **temas transversais** están presentes no desenvolvemento das clases así como nas distintas unidades didácticas. Entre eles cabe salientar:

- A **educación para a igualdade**
- A **educación en e para a paz**
- A **educación para o desenvolvemento sostible**

A todos eles farase referencia explícita e sistematica durante as clases e estarán presentes no deseño das actividades e traballos de investigación.

Así mesmo, os **elementos transversais** indicados na lexislación (Art. 6 do RD 1105/2014), teñen un tratamento específico:

- a **comprensión lectora** (a) e a **expresión oral e escrita** (b) relaciónanse coa competencia (CCL), traballándose por medio da lectura de textos e o seu comentario, tarefas de redacción e argumentación, así como nas intervencións orais e nos debates en grupo.
- a **comunicación audiovisual** (c) atópase en relación tanto coa anterior competencia (CCL) como coas (CSIEE) e (CD), das que tamén participan as **tecnoloxías da información e a comunicación** (d) e o **emprendemento** (e). Todos eles aténdense na elaboración de traballos en grupo que, na súa maioría, requiren de acceso a información dixital e audiovisual e o emprego de ferramentas informáticas.
- á **educación cívica e constitucional** (f) está ligada á contribución da materia á competencia (CSC) e coa **educación cívica** como contido axiolóxico.

| Xeografía e H | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución |
| **Bloque 1. O medio físico** | | | | | |
| B e f g | B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas | XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | CAA CMCCT CD | 60 % |
| B e f g h | B1..2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | B1..2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | CAA CMCCT CD CCL | 40 % |
| B e f g h | B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | CAA CMCCT CD | 70% |
| | | | XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | CAA CMCCT CD CCL | 50% |
| B e f g h | B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | CAA CMCCT CD | 70% |
| | | | XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | CAA CMCCT CD CCL | 50% |
| B e f g h | B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | CAA CMCCT CD CCL | 50% |
| | | | XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | CAA CMCCT CD | 50% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | CAA<br>CMCCT<br>CD | 50% |
| B<br>e<br>f<br>g<br>m | B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | CAA<br>CMCCT<br>CD | 40% |
| B<br>e<br>f<br>g<br>h<br>m<br>ñ | B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | CAA<br>CMCCT<br>CD<br>CCL | 60% |
| **Bloque 2. O espazo humano** | | | | | |
| E<br>f<br>g | B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD | 100% |
| | | | XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD | 40% |
| E<br>f<br>g<br>h | B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CD | 60% |
| | | | XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 50% |
| | B.2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 80% |
| | | | XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 50% |
| C<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD | 60% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CCL | |
| G<br>h | B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 60% |
| | | | XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 50% |
| B<br>c<br>e<br>f<br>g<br>**h** | B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 30% |
| | | | XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 30% |
| B<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>ñ | B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 40% |
| B<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>m<br>ñ | B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 40% |
| | | | XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CD | 40% |
| B<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>m<br>ñ | B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 20% |
| B<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | 40% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| m<br>ñ | | | | | |
| **Bloque 3. A historia** | | | | | |
| F<br>l<br>ñ | B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | CSC<br>CCEC | 80% |
| G<br>l<br>ñ | B3.2. Fontes históricas. | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | CSC<br>CAA | 80% |
| | | | XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | CSC<br>CAA | 80% |
| L<br>ñ | B3.3. Cambio e continuidade. | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC<br>CMCCT | 90% |
| | | | XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC<br>CMCCT | 80% |
| F<br>l<br>ñ | B3.4. Tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT | 90% |
| L<br>h<br>ñ | B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC<br>CCL | 60% |
| G<br>l | B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | CSC<br>CAA | 60% |
| A<br>c<br>d<br>g<br>l | B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | CSC<br>CAA | 705 |
| A<br>c<br>d<br>g<br>l | B3.8. Feudalismo. | B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | CSC | 90% |
| A<br>c<br>d<br>f<br>h<br>l<br>n | B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | CSC<br>CCEC | 70% |
| | | | XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CCL | 80% |
| G<br>h<br>l<br>n | B3.10. Reconquista e repoboación. | B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | CSC<br>CAA | 80% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ñ | | | XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | CSC<br>CCEC<br>CCL | 100% |
| L | B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | CSC | 90% |
| L<br>h<br>n<br>ñ | B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | CSC<br>CCEC<br>CCL | 80% |

**LENDA COMPETENCIAS**

CCL Comunicación lingüística.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD Competencia dixital.

CAA Competencia aprender a aprender.

CSC Competencias sociais e cívicas.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

**LENDA TRANSVERSAIS**

CL Comprensión lectora.

EOE Expresión oral e escrita.

CA Comunicación audiovisual.

TIC Tecnoloxías da información e da comunicación.

EMP Emprendemento.

EC Educación cívica.

PV Prevención da violencia.

EV Educación e seguridade viaria.

**(1) A partir de cada estándar, pódense determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. O instrumento máis idóneo é a rúbrica.**

**(2) As rúbricas utilízanse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos...**

## 8.-XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO

1. **Obxectivos da materia.**

    1) Identificar as características do «Antigo Réxime» desde distintas perspectivas.
    2) Valorar o movemento cultural e social da Ilustración.
    3) Identificar e comprender os distintos procesos revolucionarios nos Estados Unidos, Francia, España afondando nos feitos que os motivaron, o seu alcance e as súas limitacións.
    4) Comprender a evolución de España e Galicia a través dos cambios económicos provocados pola industrialización do país, afondando nos avances e contras deste proceso.
    5) Afondar no imperialismo, a súa evolución, as potencias imperialistas e a repartición de poderes no mundo. Comprender as claves da II Revolución industrial.
    6) Identificar os aspectos principais da I Guerra Mundial. Afondar no Tratado de Versalles.
    7) Coñecer a evolución das revolucións rusas que comezan no ano 1917 e do desenlace do stalinismo.
    8) Recoñece a singularidade dos movementos artísticos do século XIX e inicios do XX.
    9) Analizar os acontecementos, fitos e procesos ocorridos no período de entreguerras.
    10) Afondar nas causas que provocaron o auxe dos fascismos. Causas e consecuencias da II Guerra Mundial. O novo mapa europeo.
    11) Analizar as causas e consecuencias da Guerra Fría e o derrubamento da URSS. O novo mapa europeo.
    12) Comprender a evolución de España e Galicia a comezos do S. XX en especial a etapa da Restauración Borbónica e a II República.
    13) Valora as características da ditadura franquista ao longo da súa evolución. A transición democrática.
    14) Identificar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX.
    15) Coñecer e identificar algúns factores da globalización.
    16) Recoñecer o que supuxo a revolución tecnolóxica e os cambios fundamentais que provocou

2. **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

    - **Competencia social e cívica (CSC).** A materia contribúe á empatía social a través do coñecemento das realidades e ideoloxías historicamente contextualizadas, ao tempo que a súa dimensión axiolóxica desenvolve o xuízo crítico e o diálogo na resolución de conflitos.
    - **Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC).** Esta competencia concrétase na nosa materia ao fomentar a sensibilidade cultural e a educación da mirada.
    - **Aprender a aprender (CAA).** Entendida como *aprendizaxe autónoma*, exercitando a transformación da información en coñecemento por medio de métodos científicos.
    - **Competencia plurilingüe (CPL):** implica empregar distintas linguas, orais o signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación.

- **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Promovida con actividades colaborativas de planificación, resolución e avaliación de traballos, e a elaboración autónoma do portafolio.
- **Competencia de comunicación lingüística (CCL).** De relevancia por canto dificilmente se poden segregar procedementos comunicativos escritos e orais da produción intelectual, e moi salientable dentro das ciencias sociais, onde ten especial importancia o emprego de fontes e probas históricas no discurso interpretativo.
- **Competencia dixital (CD).** Tanto fin coma instrumento, ao integrar de maneira non anecdótica as ferramentas TICs no proceso de ensino e aprendizaxe, tanto no tratamento da información na rede como na confección de material polo alumnado.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**. Ademais da asunción das matemáticas como un tipo de linguaxe pola que se estruturan os mapas neuronais mediante relacións lóxicas, fomentando o pensamento abstracto e inferencial, as matemáticas teñen unha aplicación directa nas ciencias sociais na análise de gráficos, estatísticas e táboas de datos sobre distintos aspectos da realidade histórica.

## 3. Contidos da materia

Os contidos da materia distribúense nas seguintes unidades didácticas:

UD.1. A Crise do Antigo Réxime. A chegada dos Borbóns.

UD.2. Os grandes cambios da Idade Contemporánea.

UD.3. A entrada de España na Idade Contemporánea.

UD.4. O período da Paz Armada.

UD.5. A I Guerra muncial e as revolucións rusas.

UD.6. O período de entreguerras e a II Guerra Mundial.

UD.7. A guerra Fría e a descolonización.

UD. 8. España no S XX.

UD.9. Os problemas do mundo na actualidade.

## 4. Temporalización

**1º Trimestre.**

UD.1. A Crise do Antigo Réxime. A chegada dos Borbóns.

UD.2. Os grandes cambios na Idade Contemporánea.

UD.3. A entrada de España na Idade Contemporánea.

**2º Trimestre.**

UD.4. O período da Paz Armada.

UD.5. A I Guerra mundial e as revolucións rusas.

UD.6. O período de entreguerras e a II Guerra Mundial.

**3º Trimestre.**

UD.7. A guerra Fría e a descolonización.

UD. 8. España no S XX.

UD.9. Os problemas do mundo na actualidade.

## 5. Concrecións metodolóxicas da materia.

Optamos por unha estratexia interactiva que concibe a unidade didáctica como unha secuencia planificada de actividades.

Comezamos a unidade cunha presentación do tema, unha introdución que pretende motivar ao tempo que sitúa a unidade didáctica no proceso formativo e disciplinar do curso. Para iso enlazamos con coñecementos xa traballados en unidades anteriores e formulamos interrogantes sobre os obxectivos da nova unidade, mobilizando así as ideas previas do alumnado. No desenvolvemento do tema ampliamos a comprensión do alumnado sobre o tema por medio dunha secuencia de actividades, sempre conectando con exemplos do presente ou da realidade próxima do alumnado para motivar e clarificar significados. Finalizamos a unidade cunha síntese que explique o estudado e regresamos aos interrogantes iniciais para valorar e avaliar as aprendizaxes adquiridas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A secuencia de actividades que configuran as unidades didácticas reflexa medidas de adaptación á diversidade:

a) No seu deseño e secuenciación ao longo do curso, coidando unha introdución pautada e progresiva dos conceptos e competencias e o seu tratamento recorrente, trazando unha ruta flexible que pode adaptarse aos diferentes ritmos e necesidades.
b) Contando con actividades de reforzo e ampliación en cada unidade. Máis aló das estratexias específicas de atención ao ACNEAE e prevendo diferentes ritmos de aprendizaxe e dificultades no desenvolvemento do traballo na aula, elabórase unha batería de actividades adaptadas ás diferentes necesidades de aprendizaxe identificadas no alumando.

## 7. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

a) Material de elaboración docente que serán entregados ao alumnado e subido a aula virtual para libre disposición.

b) Unha escolma de material seleccionado ou elaborado para atender aos obxectivos e contidos de cada unidade didáctica-sobre todo textos, mapas, vídeos e obras de arte.

c) Internet. Consulta con páxinas Web recomendadas.

## 8. Procedementos de avaliación da aprendizaxe

<u>11.1. Procedementos e instrumentos de avaliación</u>

Supoñen un conxunto diversificado de procedementos para atender as diferentes características do alumnado.

**A.Probas escritas ou orais**

Como mínimo  dúas por avaliación (seis ao longo do curso). Farase un exame de recuperación de cada avaliación para a recuperación das probas escritas ou orais. Nestas probas terase en conta a asimilación de conceptos, estándares de aprendizaxe, e manexo de competencias.

**B.Realización de actividades na clase e aula virtual (comentarios de texto, preguntas, test, análise de mapas, análise de obras de arte, tarefas de investigación....)** Serán actividades ligadas aos contidos das unidades didácticas. Valoraranse a partir da participación na clase e control das actividades realizadas.

**C.Traballos de elaboración.**

Elaboración de sínteses, traballos de investigación, presentacións, exposicións orais... Farase, polo menos, un traballo de elaboración en cada trimestre.

11.2. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Cada un dos anteriores instrumentos de avaliación computará na cualificación nas seguintes porcentaxes:

**A.Probas escritas ou orais**, un 70% da nota. Faranse como mínimo dous exames por avaliación, a nota final será a media aritmética entre as duas probas.

**B-C.Realización de actividades na clase e na aula virtual e traballos de elaboración:** un 30% da nota.

-A nota dos exames escritos corresponde a unha media aritmética das dúas probas. Á nota dos exames sumarase as notas dos apartados b) e c) para obter a **nota final da avaliación.**

-Tendo en conta que no curso  2022-23  no haberá libro de texto, será fundamental asistir á clase cos apuntes impresos. A falta de apuntes repercutirá de xeito negativo na nota no apartado b.

- Os alumnos e as alumnas poderán recuperar a 1ª e 2ª avaliación mediante probas que terán lugar unhas semanas despois de cada unha das sesións de avaliación. En caso de non ter un resultado positivo na recuperación, entregarase un **caderno de reforzo** con data de entrega. A recuperación da terceira avaliación  realizarase durante o período entre a terceira avaliación e a avaliación final.

-A **nota final de xuño** resultará da nota media das tres avaliacións, sendo imprescindible para aprobar acadar o 5.  Neste caso, será necesario ter como mínimo aprobadas dúas avaliacións e ter como mínimo na avaliación suspensa unha nota igual ou superior a 4.

-Estará obrigado a realizar a **proba final de xuño** o alumnado con unha, dúas o todas as avaliacións suspensas. Para superar as avaliacións suspensas entregaranse cadernos de reforzo para consolidar e repasar contidos que se traballaran na aula durane o periodo entre a terceira avaliación e a avaliación final.

11.3. Actividades de recuperación e reforzo para pendentes de 3º da ESO

No curso actual 2022/23 temos alumnado en 4º da ESO coa materia de Xeografía e Historia pendente de 3º da ESO. Para superar a materia pendente, o depatamento dispón dun programa de recuperación da materia pendente que segue o calendario oficial.

11.4. Programas especiíficos personalizados para o alumnado repetidor na ESO.

O alumnado repetidor da materia seguirá un programa especifico personalizado, orientado a superación das dificultades comunicadas por o seu profesor, titor do curso anterior e do departamento de orientación. Este programa se porá en marcha despois da avaliación inicial, adaptando contidos e actividades.

11.5. Medidas de atención á diversidade

Atenderase á diversidade adaptando os procedementos e actividades ás distintas necesidades do alumnado, dun xeito o máis individualizado posible.

## 9. Mínimos esixibles para a superación da materia

1. Identificar e situar cronolóxica e xeograficamente as culturas históricas.
2. Comentar textos que expliquen os principais acontecementos históricos, tendo en conta a multicausalidade con propiedade e autonomía.
3. Interrelacionar feitos políticos, económicos e sociais.
4. Describir as principais transformacións (demográficas, sociais, políticas e ideolóxicas) por a sociedade nos dous últimos séculos.
5. Explicar e interpretar correctamente distintos tipos de materiais (mapas, gráficos…) que aporten información sobre distintos feitos.
6. Realizar unha investigación sinxela sobre algún feito histórico significativo.
7. Analizar, explicar e relacionar co contexto histórico obras de arte representativas de distintos estilos e movementos.
8. Coñecer o vocabulario básico específico da historia contemporánea.

## 10. Relacións co proxecto lector e integracións das tics

A materia promove a lectura , acorde co Plan lector do centro, dando acceso a diversos textos, artigos, revistas e libros na biblioteca do Departamento de Xeografía e Historia, dos que se seleccionarán fragmentos para analizar e comentar.

Ademais, por medio da Aula Virtual, recomendaranse diversas lecturas relacionadas cos contidos de cada unidade, facendo especial fincapé no uso da banda deseñada para o coñecemento da Historia Contemporánea.

Ofreceranse tamén listas bibliográficas e páxinas web de consulta para a realización de traballos e elaboracións.

## 11. Elementos transversais traballados na materia

O alumnado traballará dun xeito transversal e durante todo o curso a prevención da violencia, a importancia do papel das mulleres na historia e igualdade de xénero, o coñecemento de episodios históricos relevantes como o Holocausto e outros xenocidios e o terrorismo. Pola propia natureza dos contidos que se impartirán, farase especial fincapé nos Dereitos Humanos, explicando como xorden e cal é a súa relevancia, e no funcionamento dos sistemas políticos contemporáneos.

## 12. Actividades complementarias e extraescolares.

Durante o curso 2022-23 realizaranse tres sadías co alumando de 4º eso unha por trimestre:

-1º trimestre: Visita á cidade da Coruña

-2º trimestre:Visita ao Museo Anfaco en Vigo

-3º trimestre: Visita  ao Parlamento de Galicia

| Xeografía e Historia 4º de ESO. | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Criterios e instrumentos de avaliación | | | | Elementos transversais | | | | | | | | Temporalización | |
| | | | | | Grado mínimo de consecución | Instrumentos de avaliación | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | Proba escrita /oral | Actividades clase/aulavial | Traballo Investigación | CL | EOE | CA | TIC | EMP | ECC | PV | EV | Trimestre | Nº sesións |
| **Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789** | | | | | | | | | | | | | | | | | 1º | 9 |
| a c d g h l ñ | B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | CSC CAA CCL | -Explica claramente as claves do Antigo Réxime<br>-Diferencia claramente entre absolutismo e parlamentarismo<br>-Identifica os grupos da sociedade estamental e distingue entre privilexiados e non privilexiados.<br>-Coñece as actividades económicas do A Réxime<br>-Explica as causas polas que o antigo Réxime entrou en crise.<br>-Explica a chegada dos Borbóns a España, o centralismo borrbónico e coñece a transcendencia dos Decretos de Nova Planta. | 70% | 30% | | X | X | | | | X | X | | TEMA 1 | |
| | | | XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | CSC CAA CCL | -Coñece un vocabulario especifico e básico de conceptos relacionados co Antigo Réxime.<br>-Realiza comentarios de textos históricos. | 70% | 30% | | X | X | | | X | X | | | TEMA 1 | |
| f h l n ñ | B1.2. Ilustración. | B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | CSC CCEC CCL | -Recoñece as características da Ilustración<br>-Distingue enttre as dúas tendencias da Ilustración: radical e moderada.<br>-Explica con claridade en que consiste o Despotismo Ilutstrado.<br>-Coñece, doferencia e explica as claves do pensamento filosófico de Montesquieu, Rousseau e Voltaire. | 70% | 30% | | X | X | | X | | X | | | TEMA 1 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| f<br>g<br>l<br>n | B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCEC<br>CD | -Sabe apreciar os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.<br>-Coñece a arte Rococó | 70% | | 30% | X | X | | X | | | | X | TEMA 1 | |
| **Bloque 2. A era das revolucións liberais** | | | | | | | | | | | | | | | | | 1º | 12 |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC | -Comprende e explica os principios políticos do liberalismo.<br>-Explica o liberalismo económico e o capitalismo.<br>-Comprende as consecuencias da revolucións liberais e a súa transcendencia histórica e a súa importancia na actualidade.<br>-Explica as limitacións dos procesos revolucionarios do S. XIX e as diferenzas entre o liberalismo do XIX e o sistema democrático actual. | 70% | 30% | | X | X | | | X | X | X | | TEMA 2 | |
| | | | XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | CSC<br>CAA<br>CCL | -Sabe extraer información relevante das fontes históricas.<br>-Realiza comentarios de textos históricos. | 70% | 30% | | X | X | X | X | X | | X | | TEMA 2 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| pa c d g h l ñ | B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | CSC CAA CCL | -Sabe identificar e ordear os principais períodos e acontecementos das revolucións liberais.<br>-Comprende a transcendencia da loita entre absolutismo e liberalismo.<br>-Elabora o mapa da Europa Napoleónica.<br>-Entende os principios da Europa de Viena.<br>-Diferencia e representa nun mapa as revolución liberais de 1820, 1830, 1848. | 70% | 30% | | X | X | | | X | X | X | | TEMA 2 | |
| | | | | | -Comprende a crise do Antigo Réxime en España e os proceso da Guerra de Independencia.<br>-Entende a transcendencia da elaboración da Constitución de 1812 e das Cortes de Cádiz.<br>-Entende a loita entre liberalismo e absolutismo no reinado de Fernando VII. | 70% | 30% | | X | X | | | X | X | X | | TEMA 3 | |
| | | | XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | CSC CAA CCL CCEC | -Distingue as fases da revolución francesa<br>-Explica a transcendencia da etapa da monarquía constitucional na revolución francesa, a elaboración da constitución de 1791 e a Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán. | 70% | 30% | | X | X | X | | X | X | X | | TEMA 2 | |
| | | | XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | CSC CAA CCL | -Rexeita razoadamente as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | 70% | 30% | | X | X | X | X | X | | | | TEMA 2 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 3. A Revolución Industrial** | | | | | | | | | | | | | | | | | 1º | 12 |
| f g h l | B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | CSC CAA CCL | -Define con claridade a revolución industrial e as súas claves.<br>-Entende a transcendencia da revolución industrial como factor clave do cambio dunha economía de base agraria a unha economía industrializada e capitalista.<br>-Entende os cambios na forma do traballo e na implicación dos cambios económicos e sociais | 70% | 30% | | X | X | | X | X | | | | TEMA 2 | |
| g h l | B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | CSC CAA CCL | -Entende que a revolución industrial se inicia en Gran Bretaña e que é fundamental nese proceso os cambios na agricultura: forma de produción e estrutura agraria.<br>-Realiza unha táboa coas claves da I revolución Industrial.<br>-Coñece a forma e a importancia do sistema parlamentario e da burguesía como impulsora dos cambios en Inglaterra. | 70% | 30% | | X | X | | X | X | | X | | TEMA 2 | |
| a c d h l m | B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | CSC CSIEE CCL | -Elabora a pirámide da sociedade de clases e entende a diferencia coa sociedade estamental.<br>.-Entende os problemas do proletariado e describe con claridade a precariedade do traballo industrial, sobre todo infantil e feminino.<br>-Comprende axeitadamente as consecuencias da Revolución Industrial e as orixes e ideoloxías do movemento obreiro:ludismo, sindicalismo, socialismo utópico marxismo e anarquismo. A I internacional. | 70% | 30% | | X | X | | X | X | | X | | TEMA 2 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| l ñ g l m | B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | CCL CSC | -Explica a implantación do sistema liberal en España e as etapas no reinado de Isabel II.<br>-Entende a altenancia política dos liberas progresistas e dos moderados, o pronunciamento militar e os motivos do sexenio revolucionario.<br>-Comprende as distintas ideoloxías políticas que xorden na España do S. XIX. Entende a importancia do carlismo.<br>-Entende a importancia da reforma agraria en España e o proceso desamortizador.<br>-Analiza o tipo de industrialización en España, máis tardío e localizado en determinadas zonas como Cataluña e País Vasco.<br>-Realiza o mapa da industria en España.<br>-Sabe analizar correctamente a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia | 70% | 30% | | X | X | | | X | | | | TEMA 3 | |
| **Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial** | | | | | | | | | | | | | | | | | 2º | 12 |
| g h l | B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | CSC CAA CCL | -Comprende e explica os principios políticos do nacionalismo e d o rexionalismo<br>-Explica e representa nun mapa os procesos de unificación de Italia e Alemaña.<br>-Explica a importancia da II revolución industrial para o desenvolvemento do imperialismo. Os cambios na forma de produción e de consumo. O desenvolvemento do capitalismo fiinanceiro e novas formas de concentración industrial | 70% | 30% | | X | X | | | X | | | | TEMA 4 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | -Define imperialismo colonial.<br>-Diferenza entre imperialismo e colonialismo.<br>-Diferenza entre distintos tipos de colonia.<br>-.Elabora o mapa do reparto colonial de África e Asia. | | | | | | | | | | | | | |
| | | | XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | CSC<br>CAA<br>CCL | -Discute razoadamente as implicacións do eurocentrismo e a globalización.<br>-Explica que é o neocolonialismo | 70% | 30% | | X | | 10% | | X | | | | TEMA 4 | |
| g<br>l | B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | CSC<br>CAA | -Explica as causas do imperialismo colonial<br>-Encadea razoadamente as interconexións cusais do imperialismo e a súa evolución.<br>-Realiza o mapa dos conflitos coloniais.<br>-Explica as consecuencias do colonialismo | 70% | 30% | | X | | | X | | | | | TEMA 4 | |
| g<br>h<br>l | B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | CSC<br>CAA | -Sabe establecer as principais causas, procesos e consecuencias da I Guerra Mundial.<br>-Elabora o mapa bélico coas fases da guerra.<br>-Investiga sobre o sufrimento nas trincheiras. | 70% | 30% | | X | X | | X | X | | | | TEMA 5 | |
| | | | XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | CSC<br>CAA | -Elabora o novo mapa político de Europa | 70% | 30% | | X | X | | | | | | | TEMA 5 | |
| | | | XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | CSC<br>CAA<br>CCL | -Explica as propostas para a paz destacando os 14 puntos de Wilson.<br>-Explica o tratado de Versalles. Elabora o mapa das perdas territoriais de Alemaña.<br>-Entende perfectamente o desexo de desquite de Alemaña que estará latente ao longo de todo o período de entreguerras. | 70% | 30% | | X | X | | | X | | X | | TEMA 5 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B4.4. Revolución Rusa. | B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | CSC<br>CAA<br>CCL | -Realiza correctamente un esquema coa orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.<br>-Entende as claves da Rusia tsarista.<br>-Comprende a complexidade de partidos e a súa ideoloxía: bolxeviques e menxeviques.<br>-Distingue entre as dúas etapas da revolución, a de febreiro e a de outubro.<br>-Indica as características da etapa de Lenin e de Stalin e comprende a transcendencia da política de Stalin. | 70% | 30% | | X | X | | | X | | X | | TEMA 5 | |
| g<br>h<br>l<br>n | B4.5. A arte no século XIX. | B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE<br>CMCCT | -Sabe comentar obras artísticas e extraer as principais características dos movementos artísticos .<br>-Investiga a relación entre a arte e os acontecementos históricos do XIX.<br>-Investiga sobre mulleres artistas do século XIX. | 70% | | 30% | | X | X | X | X | X | X | | Traballo 1º trimestre<br><br>2º Trimestre | |
| **Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)** | | | | | | | | | | | | | | | | | 2º/3º | 9 |
| g<br>h<br>l | B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de | XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | CSC<br>CAA<br>CCL | -Identifica correctamente e comprende os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras.<br>-Elabora unha liña do tempo cos acontecementos máis importantes do período de entreguerras. | 70% | 30% | | X | X | | X | X | X | X | | TEMA 6 | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | evolución da agricultura en España<br>- A diversidade rexional na industria<br>- O ferrocarril e a formación do mercado interior<br>- A renovación das estradas e dos portos. Correos e telecomunicacións | | do ferrocarril na formación do mercado interior.<br>▪ 6.3.3. Caracteriza a evolución dos sectores artesanais de Galicia e o papel da industria conserveira como industria de arrastre.<br>▪ 6.3.4. Compara o desenvolvendo industrial español co dos países máis avanzados de Europa.<br>▪ 6.3.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | |
| a,b,c,d,e,h,i,mp | **6.4.Nova sociedade de clases e dominio burgués**<br>- Os grupos tradicionais<br>- Os novos grupos | ▪ 6.4.Comprender e valorar os novos criterios de organización social e o papel desempeñado polos | ▪ 6.4.1.Identifica e valora os cambios máis significativos que afectaron aos grupos tradicionais: a nobreza e o | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | diferentes grupos. | clero.<br>▪ 6.4.2.Caracteriza e compara a situación do campesiñado andaluz e galego.<br>▪ 6.4.3.Valora o papel que desempeñou a burguesía no proceso de cambio económico, social e cultural. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | **6.5.Conflitividade social e movemento obreiro**<br>- As condicións de vida da clase traballadora<br>- A reacción contra as máquinas: o ludismo<br>- A protesta organizada: a folga<br>- Sociedades de resistencia e sindicatos de oficios<br>- As novas ideoloxías obreiras<br>- Sindicatos e partidos obreiros<br>- A conflitividade urbana: os motíns de consumos<br>- A resposta patronal e do Estado | ▪ 6.5.Coñecer as ideoloxías de maior influencia no movemento obreiro e as principais organizacións, así como as causas e manifestacións da conflitividades rural e urbana. | ▪ 6.5.1. Identifica os trazos do anarquismo e do socialismo marxista e as principais institucións xurdidas en España baixo estas influencias.<br>▪ 6.5.2.Analiza e comenta a situación do proletariado nos inicios da industrialización.<br>▪ 6.5.3.Caracteriza a orixe e principais manifestacións da | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | conflitividade agraria e urbana, destacando a situación do campesiñado galego.<br>▪ 6.5.4.Explica a actitude das autoridades e da patronal ante as manifestacións obreiras. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **6.6. A reivindicación feminina** | ▪ 6.6.Recoñecer a consideración social, xurídica e política da muller na España liberal. | ▪ 6.6.1.Sintetiza a condición feminina en todos os ámbitos da España decimonónica.<br>▪ 6.6.2.Describe a situación da muller traballadora.<br>▪ 6.6.3.Valora os inicios da incorporación da muller ao traballo extradoméstico. | CSC<br>CAA<br>CCL |

## 7. Estado e nación na Restauración borbónica

Nesta unidade temática traballase:

- O sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- As causas que levaron á crise do sistema.
- As causas que levaron á Ditadura e a fin do sistema constitucional e liberal.

- As características da ditadura de Primo de Rivera e as súas similitudes e diferenzas co fascismo italiano.
- As críticas que os rexeneracionistas facían ao sistema político da Restauración e as propostas de reforma política, social, económica e cultural.
- A diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m g p | **7.1. O Réxime da Restauración borbónica**<br>- O reinado de Afonso XII. 1875-1885<br>- A rexencia de María Cristina de Habsburgo. 1885-1902<br>- A Galicia dos caciques | ▪ 7.1. Caracterizar o sistema político da Restauración e o seu funcionamento. | ▪ 7.1.1. Identifica os principios do sistema canovista e a súa aplicación no sistema da quenda.<br>▪ 7.1.2.Describe o sistema caciquil, con especial referencia a Galicia.<br>▪ 7.1.3.Sintetiza os principais acontecementos do reinado de Afonso XII.<br>▪ 7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | CSC CAA CCL CMCCT CD |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **7.2.O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración.** | ▪ 7.2.Analizar as causas da quebra do sistema político | ▪ 7.2.1.Valora os acontecementos do 98 e as súas consecuencias, | CSC CAA CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **1902-1931**<br>- Os inicios do reinado e as propostas de reforma. 1902-1916<br>- A quebra do sistema da Restauración. 1917-1923<br>- A ditadura de Primo de Rivera. 1923-1930<br>- A fin da monarquía. 1930-1931 | da Restauración. | destacando o papel dos rexeneracionistas.<br>▪ 7.2.2.Coñece e analiza as causas e acontecementos máis destacados que provocaron a crise do sistema da Restauración.<br>▪ 7.2.3.Analiza as forzas de oposición ao sistema, destacando a posición de republicanos e nacionalistas da periferia.<br>▪ 7.2.4.Analiza as circunstancias que puxeron fin á ditadura e os intentos de proclamar a república. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m n p | **7.3.Nación e nacionalismos en España**<br>- O nacionalismo español<br>- Rexionalismos e nacionalismos periféricos<br>- O catalanismo<br>- O | ▪ 7.3.Comprender a orixe e desenvolvemento dos movementos de reivindicación nacionalista. | ▪ 7.3.1.Define os diferentes conceptos de nación e identifica os trazos definidores da nación española para os conservadores e os demócratas. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | nacionalismo vasco<br>- O galeguismo | | ▪ 7.3.2.Describe as tendencias políticas máis destacadas e os procesos de formación dos nacionalismos periféricos en España, destacando o caso de Galicia.<br>▪ 7.3.3.Representa unha liña do tempo desde 1875 ata 1931 e sitúa nela os acontecementos máis significativos. | |

# 8. Segunda República e Guerra Civil

**Presentación**

Nesta unidade temática trabállase:

- As causas que levaron á proclamación da Segunda República.
- As características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas do período republicano.
- Os conflitos que se desenvolveron na España republicana e os grupos sociais afectados.
- As causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil.
- A evolución das operacións militares e o avance das frontes de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace
- O diferente desenvolvemento político e social na España republicana e na España *nacional*.
- A axuda estranxeira recibida en ambos bandos durante a Guerra.
- O significado deste conflito para a evolución de España, así como as súas consecuencias.

**Carga horaria**: 10 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m g n | 8.1. A Segunda República<br>- A proclamación da República<br>- As forzas sociais e políticas na República<br>- O Bienio Reformista. Abril 1931-novembro 1933<br>- O Bienio de Dereitas. Novembro 1933-febreiro 1936<br>- A Fronte Popular. Febreiro-xullo 1936<br>- A idade de prata da cultura española. Da xeración do 98 á do 36 | ▪ 8.1.Explicar e comprender a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración e diferenciar os sucesivos gobernos e as súas actuacións e dificultades. | ▪ 8.1.1. Explica o contexto de proclamación da Segunda República, as primeiras medidas tomadas polo novo goberno e as dificultades que xurdiron.<br>▪ 8.1.2.Identifica as forzas de apoio e de oposición á República e valora a significación das reformas introducidas pola nova Constitución.<br>▪ 8.1.3.Sintetiza as actuacións e dificultades do Bienio Reformista, do Radical-Cedista e da Fronte Popular.<br>▪ 8.1.4.Valora a Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto.<br>▪ 8.1.5.Analiza os antecedentes da Guerra Civil. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m g | 8.2. A Guerra civil<br>- A sublevación militar e a formación dos bandos<br>- A internacionalización do conflito<br>- A evolución da guerra<br>- A España republicana<br>- A España sublevada | ▪ 8.2.Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España. | ▪ 8.2.1.Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrontados.<br>▪ 8.2.2.Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar.<br>▪ 8.2.3.Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados.<br>▪ 8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.<br>▪ 8.2.5. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

# 9. España no franquismo

**Presentación**

Nesta unidade temática trabállase:

- Os trazos ideolóxicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- A evolución económica e social da ditadura franquista.
- A dualidade cultural existente na España franquista

- O labor da oposición á ditadura.

**Carga horaria**: 9 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.1. Bases e apoios da ditadura franquista<br>- Leis Fundamentais<br>- Franco, caudillo de España<br>- Un reino sen rei<br>- O Movemento Nacional<br>- Unidade da patria e centralismo<br>- Nacionalcatolicismo<br>- Sindicalismo vertical<br>- Limitación dos dereitos individuais<br>- Subordinación da muller<br>- A democracia orgánica | ▪ 9.1.Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista. | ▪ 9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo.<br>▪ 9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura.<br>▪ 9.1.3.Describe os trazos da democracia orgánica. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.2.Unha longa posguerra. 1939-1959<br>- Da amizade cos fascismos ao illamento exterior ao recoñecemento internacional<br>- Da autarquía económica aos inicios da liberalización<br>- A represión dos vencidos | ▪ 9.2.Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional. | ▪ 9.2.1.Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias.<br>▪ 9.2.2.Analiza as dificultades económicas da posguerra.<br>▪ 9.2.3.Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | no exterior de España. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.3.Desenvolvemento económico e inmobilismo político. 1959-1973<br>- Os Planos económicos<br>- Cambios sociais e forzas de oposición<br>- As relacións co exterior | ▪ 9.3.Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmobilismo político. | ▪ 9.3.1.Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias.<br>▪ 9.3.2.Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemento económico.<br>▪ 9.3.3.Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo.<br>▪ 9.3.4.Identifica as actuacións máis destacadas do período desde o punto de vista das relacións co exterior. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,mg | 9.4.A agonía do franquismo. 1973-1975<br>- Crise económica e política<br>- O incremento das forzas de oposición<br>- Os problemas exteriores: a Marcha Verde<br>- Enfermidade e morte de Franco | ▪ 9.4.Comprender as dificultades do franquismo provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores. | ▪ 9.4.1.Comprende as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as máis destacadas.<br>▪ 9.4.2.Analiza as diferentes posicións políticas ante a morte de Franco.<br>▪ 9.4.3. Representa unha liña do tempo desde | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecemento s históricos. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 9.5.A cultura española durante o franquismo | ▪ 9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista. | ▪ 9.5.1.Caracteri za a cultura española durante o franquismo, diferenciando as manifestacións dentro e fóra do sistema.<br>▪ 9.5.2. Describe a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.<br>▪ 9.5.3. Procura información de interese e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

## 10. España en democracia

Nesta unidade temática trabállase:

- O proceso de transición á democracia.
- A España das autonomías.
- A pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español.
- As actuacións dos sucesivos gobernos democráticos.
- A Galicia autonómica.

| **Carga horaria**: 12sesións | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.1. A transición democrática. 1975-1977**<br>- Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I<br>- O primeiro goberno da Monarquía<br>- Adolfo Suárez e o inicio das reformas | ▪ 10.1.Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia. | ▪ 10.1.1.Coñece e valora o proceso da transición democrática.<br>▪ 10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.<br>▪ 10.1.3.Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobernos da monarquía.<br>▪ 10.1.4.Valora o inicio das reformas a partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.2.A Constitución de 1978**<br>- Trazos xerais<br>- Dereitos e deberes<br>- Os poderes do Estado | ▪ 10.2.Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución. | ▪ 10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978.<br>▪ 10.2.2. Analiza os principios reitores da Constitución de | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 1978.<br>▪ 10.2.3.Diferencia e describe os poderes do Estado segundo a Constitución. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.3.Os gobernos de UCD.**<br>- Os gobernos de Adolfo Suárez. 1977-1981<br>- O goberno de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982 | ▪ 10.3.Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e Leopoldo Calvo Sotelo. | ▪ 10.3.1.Describe as principais actuacións políticas e económicas dos gobernos da UCD.<br>▪ 10.3.2. Identifica as dificultades dos gobernos da UCD e a perda das eleccións. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | **10.4.A creación do Estado das Autonomías** | ▪ 10.4.Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía. | ▪ 10.4.1. Define o Estado das Autonomías dentro dun Estado de Dereito.<br>▪ 10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.5.Os gobernos socialistas de Felipe González.** | ▪ 10.5.Coñecer as reformas máis significativas dos gobernos socialistas e | ▪ 10.5.1.Valora a significación do ascenso do socialismo ao | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCC T |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - Integración de España na política internacional<br>- O Estado do benestar<br>- Axuste e reactivación económica<br>- O cambio sociocultural<br>- Escándalos e desprestixio socialista | valorar a consolidación do estado do benestar. | poder.<br>▪ 10.5.2.Sintetiza as reformas máis significativas dos seus gobernos.<br>▪ 10.5.3.Valora o proceso de incorporación de España á Europa comunitaria. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.6.Os gobernos conservadores de José María Aznar**<br>- Crecemento, privatización e moeda única<br>- Reformas do programa conservador<br>- A guerra de Iraq e o terrorismo de carácter xihadista | ▪ 10.6.Describir as principais actuacións dos gobernos do Partido Popular | ▪ 10.6.1.Identifica as reformas máis destacadas do programa conservador.<br>▪ 10.6.2.Analiza o impacto do terrorismo xihadista e as súas consecuencias na política nacional. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCC<br>T |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.7.O goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero**<br>- Reformas do programa socialista<br>- Da bonanza á crise<br>- Cambios sociais<br>- A tregua de ETA e novos movementos sociais | ▪ 10.7.Analizar as reformas do programa socialista. | ▪ 10.7.1.Destaca as reformas sociais máis significativas dos gobernos de J.L.Rodríguez Zapatero.<br>▪ 10.7.2.Valora o impacto da crise económica mundial de 2008.<br>▪ 10.7.3.Caracteri | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCC<br>T |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | za a sociedade española nos inicios do século XXI. | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | **10.8.O goberno conservador de Mariano Rajoy**<br>- Medidas contra a crise<br>- Os problemas de corrupción<br>- Novas forzas políticas<br>- Relevo na xefatura do Estado<br>- O novo mapa político | ▪ 10.8.Enunciar e valorar a actuación dos gobernos conservadores do Partido Popular. | ▪ 10.8.1.Describe as actuacións máis destacadas do novo Goberno do Partido Popular.<br>▪ 10.8.2.Valora os problemas do Goberno e o nacemento de novas forzas políticas.<br>▪ 10.8.3. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes de Goberno e os feitos máis significativos das súas actuacións. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>p | **10.9.A Galicia autonómica.**<br>- Os gobernos autonómicos<br>- Unha poboación estancada<br>- Desequilibrado desenvolvemento económico | ▪ 10.9.Coñecer a evolución dos gobernos autonómicos e das súas principais actuacións. | ▪ 10.9.1.Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as súas características.<br>▪ 10.9.2.Identifica os diferentes gobernos autonómicos e os presidentes da Xunta de | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Galicia e valora as súas actuacións.<br>▪ 10.9.3.Caracteriza a sociedade galega actual desde o punto de vista demográfico e socio-económico.<br>▪ 10.9.4. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes autonómicos e os feitos máis significativos das súas actuacións. | |

TEMPORALIZACIÓN

**1º TRIMESTRE:**

1. **Hispania e Gallaecia na antigüidade.**
2. **Al -Andalus e os reinos cristiáns medievais.**
3. **Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica.**
4. **A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. Características do Antigo Réxime.**
5. **Inicios e consolidación do réxime liberal.**

**2º TRIMESTRE:**

6. **As transformacións socioeconómicas na España Liberal.**
7. **Estado e nación na Restauración borbónica. O movemento obreiro.**

**3º TRIMESTRE:**

8. **Segunda República e Guerra Civil.**
9. **España no franquismo.**

**10. España en democracia.**

MATERIAIS E RECURSOS

Libros de texto recomendado da editorial Baía Consorcio Galego (C.E.G)

A referencia en internet da CIUG e outras que poidan resultar de interese.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

Para darlle continuidade ao traballo realizado nas etapas educativas anteriores, será precisa unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas.

-Contextualizar os procesos, estruturas e acontecementos históricos máis relevantes, identificando os elementos que contribuíron a configuraros trazos actuais de Galicia e España.

-Potenciar unha análise histórica, recoñecendo a multicausalidade na xénese dos procesos de evolución e cambio na historia de España e nos conflitos sociais e políticos.

-Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes, propiciando a elaboración de explicacións históricas rigorosas e coherentes.

-Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais.

-Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.

-Elaboración de traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia contemporánea, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo.

-Utilizar técnicas básicas de indagación e explicación histórica, para entender a provisionalidade de todo coñecemento, e ensinar a pensar historicamente.

-Utilizar actividades de carácter interdisciplinario en que prime o traballo en grupo e a colaboración na resolución de problemas.

-Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos que reforzan a comunicación interpersoal e o traballo cooperativo,así como a relación con contornos físicos e sociais máis amplos,ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Recoñecer e valorar os procesos da historia peninsular anteriores a o século XVIII que resultan máis significativos para a comprensión de época contemporánea, as súas pegadas na actualidade no conxunto do territorio e as peculiaridades en Galicia.

Trátase de avaliar a capacidade de recoñecer e situar no tempo os vestixios do pasado e a súa diversidade no espazo, valorando criticamente a importancia histórica dalgúns procesos como a institucionalización do patriarcado a través do dereito romano, a formación dos reinos peninsulares na Idade Media ou o papel da monarquía hispánica no mundo.

Valorarase tamén a capacidade de identificar e contextualizar o legado material e simbólico que para Galicia supón o megalitismo atlántico, a cultura castrexa ou o

camiño de Santiago. Tamén se comprobará a súa competencia para diferenciar os trazos de cambio e continuidade que representa o século XVIII.
2. Analizar e caracterizar a crise do Antigo Réxime en España e as dificultades na construción do Estado liberal, sinalando as relacións deste proceso co contexto internacional, así como a súa repercusión en Galicia.Trátase de que o alumnado poida identificar os trazos característicos do Antigo Réxime opoñéndoos, tanto ao proxecto universalista da Ilustración, como ás realizacións prácticas no Estado liberal burgués.
Tamén se avaliará a capacidade para recoñecer as dificultades na construción do réxime liberal en España, o limitado impacto dos esforzos democratizadores, as características do sistema político da Restauración e as confrontacións sociais, políticas e militares que conduciron á súa crise.
Reflexionarán sobre os mecanismos de construción do Estado nacional en España, a súa debilidade e a articulación doutros discursos nacionalistas.
3. Comprender as dificultades no desenvolvemento da economía capitalista e da sociedade de clases en España dando conta da diversidade de ritmo e intensidade con que se produce nos distintos territorios peninsulares e especialmente das peculiaridades en Galicia, recoñecendo as conexións co contexto internacional.
Trátase de comprobar que o alumnado comprende as dificultades no desenvolvemento da economía de mercado en España e as desigualdades territoriais, explicando, por exemplo, a tardía modernización agraria e industrial de Galicia. Por outra parte, as alumnas e os alumnos deberán ser capaces de recoñecer os procesos de exclusión da sociedade liberal burguesa e os novos mecanismos de dominación e integración das mulleres.
Tamén deben comprender o carácter oligárquico dos grupos hexemónicos,a debilidade das clases medias, a importancia que o internacionalismo ten na organización das correntes do movemento obreiro e a relevancia do movemento campesiño.
4. Comprender os cambios e conflitos que se producen en España durante o período de entreguerras. Por unha parte, a crise da Restauración, que amosa a incapacidade dos grupos hexemónicos para articular un proxecto liberal para España e desemboca na ditadura de Primo de Rivera. Por outra, o alumnado debe ser capaz de recoñecer e valorar a transcendencia da Segunda República, relacionándoa co contexto europeo en que tamén se produce a contraposición entre réximes democráticos e autoritarios. Con este criterio comprobarase se o alumnado é capaz de analizar a multicausalidade na xénese das etapas que se van estudar: os conflitos sociais, políticos e de organización territorial que as constitúen. Tamén amosarán a súa competencia para explicar a conxuntura económica e social en que xorde a Segunda República (valorándoa como a primeira experiencia plenamente democrática do país, momento en que se fixo un grande esforzo modernizador e de atención a vellas cuestións de xustiza social) e os conflitos que tivo que afrontar ao longo das súas diversas etapas.
5. Comprender a orixe, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Civil. Recoñecer, analizar e rexeitar as peculiaridades ideolóxicas e institucionais da ditadura franquista e a influencia que a conxuntura internacional tivo na evolución do réxime.
Este criterio pretende comprobar a habilidade do alumnado para explicar as orixes da sublevación militar e a transcendencia dos apoios internacionais. Tamén amosará a capacidade de criticar as bases ideolóxicas,os apoios sociais e a institucionalización da ditadura franquista, e como os acontecementos internacionais influíron no devir do réxime.
Comprobarase ademais que o alumnado comprende a evolución da España franquista, analizando o progresivo divorcio da sociedade e o réxime a partir dos anos 60.

6. Describir os trazos e dificultades do proceso de transición democrática e a súa transcendencia, identificar as características da Constitución de 1978 e do Estatuto de autonomía de Galicia e explicar os cambios políticos, económicos, sociais e culturais que achegaron a formade vida da sociedade española aos estándares da Europa desenvolvida.
Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para explicar os cambios introducidos na situación política, social, económica e cultural de España nos anos seguintes á morte de Franco e o papel dos artífices individuais e colectivos destes cambios, analizando criticamente o proceso de recuperación da convivencia democrática. As alumnas e os alumnos tamén deberán coñecera estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado, das comunidades autónomas e de Galicia en particular, e identificaranos cambios económicos, políticos, sociais e culturais dos anos 80 e a importancia do ingreso na Unión Europea. Por último, amosarán a capacidade de reflexionar e debater sobre algún problema da realidade actual.
7. Coñecer e utilizar as técnicas básicas da indagación e explicación histórica, como recoller información de diferentes fontes, valoralas criticamente elaborar textos de contido histórico, utilizando con rigor o vocabulario específico e sendo capaces de traballar en grupo, amosando unha actitude participativa e colaborando na resolución de conflitos.
Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos adquiriron a competencia necesaria para seleccionar, analizar e utilizar a información que achegan as fontes de documentación histórica, en especial os textos,mapas, datos estatísticos e iconográficos, comprobando as destrezas no manexo das tecnoloxías da información e da comunicación e a capacidade para comunicar oralmente e por escrito as súas conclusións. Igualmente importante, permite comprobar se son quen de mostrar capacidade sociais como a tolerancia, o sentido crítico e o traballo en equipo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

**As probas obxectivas** seguirán o **modelo** da proba de selectividade en canto a **deseño** (composición a dobre opción) e **duración** (90´), se ben, ante a imposibilidade de realizar probas pola tarde con varios grupos á vez,tal como aconsella o protocolo do COVID, durante o curso 2020-2021 as probas dividiranse en 2 sesións de 45´, unha proba teórica de definición de conceptos e pregunta tema e unha sesión de composición.
A materia é continua procurando,en canto se dispoña de fondo de materia suficiente unha combinatoria entre opcións do século XIX e XX.
Realizaranse un mínimo de 4 probas obxectivas ó longo do curso. A maiores, realizarán unha proba final o/as alumnos/as que non teñan superadas todas as avaliacións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1.A nota media das cualificacións obtidas nas probas obxectivas constituirá o 80% da nota final.
2.O 20% virá dado polo seguimento do programa de lecturas, realización de composicións e da asistencia, puntualidade e participación na clase.

O/as alumnos/as, para acadar o 20% da nota teñen que realizar ao longo do curso, como mínimo 1 composición obrigatoria por parcial , relacionadas coa materia dada e que serán revisadas e devoltas.
3.A nota das avaliacións será a media das notas acadadas nos dous apartados (1 e 2) de xeito que se preserve o principio de avaliación continua

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

No presente curso a contribución ó Plan lector está condicionado pola incidencia do COVID 19, ante a linitación que supón o peche da Biblioteca do Centro.
Estará a disposición dos alumnos/as a bibliografía dispoñible na Biblioteca e no Departamento sobre os sucesivos temas e será proporcionada polo profesorado. Aínda así recomendarase a lectura dalgúns libros relacionados coa Historia de España. De forma voluntaria, o/as alumno/as poderán presentar un traballo sobre o/s libro/s recomendados.
Deberan presentar: Os datos bibliográficos da lectura e un breve comentario libre.

Medidas de atención á diversidade

As composicións explicadas na clase, realizadas por o alumnado e corrixidas por o profesorado, serviran para reforzar os contidos e paliar as dificultades dos que non acaden valoración positiva nas primeiras probas.

**Calendario de probas**: 1ªavaliación de decembro/ 2ªavaliación febreiro/marzo / 3ªavaliación abril / maio. Proba final maio.

RELACIÓN DE CONTIDOS – ABAU 2020-2021*

- O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica(cambios económicos, sociais e culturais).
- Os pobos prerromanosda Península Ibérica(pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)
- Conquista e romanización(etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).
- A monarquía visigoda(organización política
- Os musulmáns na Península Ibérica(etapas políticas erealidade socioeconómica).
- Reconquista e repoboación(etapas da Reconquista,modelos de repoboación).
- O Réxime feudal e a sociedade estamental.
- As crises baixomedievais(crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV)
- A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).
- A configuración do imperio español no século XVI(a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).

- A crise socio-económica do século XVII(a crise demográfica, o deterioro da economía,os problemas da facenda real).
- O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía(os proxectos de reforma,as revoltas de Cataluña e Portugal).
- Economía e sociedade na Galicia dos Austrias(a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral,a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)
- O cambio dinástico e a guerra de Sucesión(causas da guerra, bandos en conflcto, a paz de Utrecht)
- Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
- O reformismo borbónico en Galicia(a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).
- As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.
- A crise da monarquía absoluta(abdicacións, ocupación napoleónica).
- As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.
- A restauración de Fernando VII e do absolutismo(as etapas do reinado).
- A construción do estado liberal(principios do liberalismo e diferencias entre as diferentes familias políticas).
- A Revolución Gloriosa e aconstitución de 1869.
- A primeira república(proxecto de constitución federal e cantonalismo).
- .A Restauración(retorno da monarquía e constitución de 1876).
- A vida política da Restauración(quenda, caciquismo e fraude electoral)
- A cuestión nacional no último terzo do século XIX.
- A reforma agraria liberal: as desamortizacións.
- Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.
- O movemento obreiro(Sexenio Democrático e Restauración)
- A crise da Restauración(a desarticulación do sistema canovista).
- A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.
- A ditadura de Primo de Rivera(golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).
- O establecemento da II República(forzas políticas e constitución de 1931).
- As grandes reformas da República.
- A guerra civil: (sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional).
- O franquismo: características e institucionalización.
- O franquismo: as formas de oposición aoRéxime.
- O franquismo: política económica
- A agonía do franquismo e os inicios da Transición.
- As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978.
- A crise da UCD e o golpe de estado
- A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE.

Os contidos considerados imprescindibles de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato que quedaron sen dar no pasado curso 2019-2020, A Guerra Fría e a Descolonización, dada a amplitude da materia de Historia de España, dada a especifidade da proba de selectividade e dada a circunstancia de que a Historia de España é unha materia obrigatoria para todos os bacharelatos, serán tratados como contexto necesario para entender os contidos da Historia de España relacionados con eles.

* Os criterios de avaliación adaptaranse ás directrices elaboradas polo grupo de traballo da CIUG para o curso 2020-2021:
- Directrices ABAU 2019
- Circular-Características exame ABAU 2019

## .- Hª DA ARTE DE 2º DE BACHARELATO

### 1.Obxectivos

- Entender a obra de Arte na súa globalidade como expoñente da creatividade humana,susceptible de ser admirada por si mesma,e de ser valorada como testemuña dunha época histórica,dunha sociedade e dunha cultura.
- Comprender a Arte como produto dunha sociedade cunha mentalidade e unha ideoloxía concretas.
- Manexala linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise destas desenvolvendo ó mesmo tempo a propia sensibilidade e imaxinación.
- Coñecer a valorar a riqueza artística como patrimonio da Humanidade.
- Valorar as peculiaridades da arte española.
- Desenvolve-lo sentido de observación e análise.
- Valorala cidade na súa dimensión espacial e temporal,como obxecto da historia da arte e marco privilexiado das súas manifestacións e proxectar esa conciencia cara á súa evolución futura.
- Coñecer a evolución artística ó longo da Historia,os estilos artísticos e as súas características esenciais.
- Coñecer e utilizar con propiedade o vocabulario artístico específico.
- Contribuír á formación estética, analítica e crítica, así como á capacidade de comunicala empatía ante as creacións artísticas.
- Analizar a obra da arte de xeito integral tendo en conta os diferentes enfoques metodolóxicos.

### 2. Secuenciación de contidos

**1.A arte Grega**

-A organización dos elementos arquitectónicos:As ordes gregas
-Os templos gregos.Tipoloxía.Estudio detallado da Acrópole de Atenas
-A escultura.O período arcaico. Os séculos V e IV a.C..O período helenístico

**2.A arte en Roma**

-Arquitectura e urbanismo en Roma.Os distintos tipos de edificacións e as súas finalidades
-A escultura romana:o retrato e o relevo histórico. O arco de Tito
-A arte romana en Hispania

**3.A arte da Idade Media. Arte Bizantina e Prerrománica**

-Breve visión das características da arquitectura Paleocristiá a través da basílica de Sta.Sabina
-A arquitectura bizantina. Sta. Sofia
-A arte prerrománica hispánica.Visigoda, asturiana e mozárabe.
-Breve visión das características da arte islámica en Al-Andalus

**4. A arte románica**

-Principais características da arquitectura románica
-A arquitectura de peregrinación.A Catedral de Santiago

-Principais trazos da escultura e da pintura románicas.A súa finalidade. Os Pórticos da Catedral de Santiago

-Os mosteiros cistercienses. O mosteiro de Oseira.

**5. O gótico e o renacemento urbano**

-A catedral gótica.Principais innovacións.A arquitectura a través de Norte Dame de Reims

-A catedral de León

-A escultura gótica.Estudio comparativo coa románica. Reims.

Giotto

-A pintura flamenca do século XV. Van Eyck e O Bosco

**6. O Renacemento**

-O mecenazgo.O cambio na consideración do artista

-O Quattrocento italiano:

- -Arquitectura.Brunelleschi, Alberti e Michelozo
- -A escultura. Donatello
- -A pintura.Masaccio

-O Cinquecento:

- -A arquitectura clásica. Bramante, Palladio e Vignola
- -A pintura.Rafael e Leonardo da Vinci
- -A obra de Miguel Ángel
- -A pintura veneciana.Tiziano

-A arte española so século XVI:

- -O estilo Herreriano e a súa influencia en Galicia
- -A pintura do Greco

**7. A arte barroca**

-A aquitectura barroca en Roma.Bernini e Borromini

-A escultura do Barroco.Bernini.Escolas castellana e andaluza en España

-A pintura tenebrista.Caravaggio e Artemisia Gentileschi

-A pintura barroca en España. Estudo de Velázquez

-Breve aproximación pintura dos Paises Baixos.Rubens e Rembrandt, Veermer de Delf

-A arquitectura barroca galega.As súas manifestacións en Compostela

**8. Neoclasicismo e Romanticismo.Goya**

-Breve aproximación Neoclasicismo.

-Breve aproximación ao Romanticismo en Francia.Gericault e Delacroix

-Vida,obra e valoración da figura de Goya.Principais etapas e obras na súa pintura

**9. A pintura da segunda metade do século XIX**

-Os cambios políticos e socias en Europa

-Breve aproximación ao realismo. Principais características.

-O Impresionismo.Novos achádegos. Manet, Monet

-Os postimpresionistas.Cezanne,Van Gogh e Gauguin e Seurat

-A escultura de Camille Claudel

-Breve aproximación á arquitectura da segunda metade do XIX:

**10. As vangardas do século XX.**

-O concepto de vangarda

-O fauvismo.Matisse

-O Cubismo. Picasso e Braque

-O expresionismo.Munch e Kirchner

-A abstracción.Kandinsky

-O movemento Dada.Duchamp

-O neoplasticismo. Mondrian

-Surrealismo: Magritte, Dali, Miró, Maruja Mallo e Frida Khalo

**11.A arquitectura do XX.**

-O racionalismo Le Corbusier e Mies van der Rohe

-O OrganicismoWright

-Breve aproximación á arquitectura na 2ª metade do S.XX: o estilo internacional (Albalat), arquitectura postmoderna e Deconstrutivismo.

**12.A Arte logo de 1945**

-O expresionismo abstracto.Jackson Pollock
- O informalismo:Antoni Tapies
-O minimalismo: Carl André
- A Arte conceptual: J. Kosuth
- O Pop Art.Andy Warhol
- PerformanceMarina Abramovic
- Fotografía. Cindy Sherman
- Escultura Louis Bourgeois.

**3. Temporalización**

1º Trimestre: Temas do 1 ó 5
2º Trimestre: Temas do 6 ao 8
3º Trimestre:Temas 9 ao12

**4. Metodoloxía**

A metodoloxía será diversa e tera en conta:

-O aspecto teórico: a profesora realizará a explicación dos contextos, da claves de cada época, período, estilo e introducirá ao alumnado no tema. Todos os contidos e materiais están a disposición do alumnado no curso da aula virtual: os temas, as obras comentadas, presentacións, vídeos, traballos, explicacións.... Ao tempo, **o alumnado pode recoller os temas e obras comentada na fotocopiadora**. Partindo deles e do visionado e observación das imaxes das obras de arte, faise un estudo e análise das mesmas

-O aspecto práctico:o alumnado traballará sobre as obras aplicando na medida do posible unha interrelación de contidos. Tras a explicacións da clase, consultando o material aportado e utilizando diferentes fontes, **debe elaborar a súa propia análise e comentario da obra**. Trátase de potenciar a autonomía persoal e a realización dun traballo persoal que conteña conclusións e valoracións propias fundamentadas.

**5. Mínimos esixibles**

-Relacionar as manifestacións artísticas co seu contexto histórico

- Coñecer a evolución artística ao longo da historia, os estilos e as características esenciais de cada un.

-Analizar as obras de arte tendo en conta os seus aspectos formais, iconográficos e estilísticos.

-Saber analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e as súas funcións, en distintos momentos históricos e en distintas culturas.

-Analizar as obras de arte significativas dos principais estilos e artistas

-Identificar os trazos característicos que configuran os estilos artísticos máis representativos.

-Manexar con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais.

-Saber interpretar os principais códigos iconográficos

-Recoñece-las obras mestras dos grandes artistas ( imaxes de fachadas, interiores, esculturas, relevos e pinturas) e analizalas tendo en conta diferentes aspectos da creación artística.

-Analizar a presenza da obra de arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social

-

-Explicar os distintos usos e funcións da obra de arte.

-Comprender e explicar a evolución artística como froito dunha sociedade cunha ideoloxía e mentalidade concreta.

-Interese por coñecer e gozar de obras e obxectos artísticos.

-Disposición activa á cooperación para conservar os restos e vestixios do pasado.

**6. Instrumentos e procedementos de avaliación**

A-**Probas escritas**. O tipo de exame terá en conta os obxectivos e estandares de aprendizaxe, e as indicacións para a proba das ABAU. Constará de:

-Clasificación da obra (título, autor, data, estilo…)

-Contexto histórico-artístico da obra

-Análise de obras de arquitectura, escultura e pintura tendo en conta os enfoques metodolóxicos da Hª da Arte..

-Comentario específico facendo referencia ao estilo, ao artista en concreto, ao legado desa obra ou artistas e todos aqueles aspectos de interse que convertan obra analizada nun obra cun interese específico.

-Definición, explicación de conceptos e terminoloxía específica da materia.

B- **Traballos de investigación sobre temas específicos en cada trimestre**.

C-**Análise e comentario de obras de arte** (orais e escritos).

**Pode, por cuestión de conveniencia, realizarse un único traballo de investigación trimestral.**

**7. Sistemas de cualificación**

Cada un dos anteriores instrumentos de avaliación computará na cualificación nas seguintes porcentaxes:

**-Probas escritas (apartado A): 80%.**

**-Apartados B, C dos instrumentos de cualificación: 20%.**

Pode, por cuestión de conveniencia, realizar un único traballo de investigación trimestral. Esta único traballo computará por un 20 % da nota.

**8.Recuperación**

O alumnado que non acadara o 5 na avaliación poderá recuperar a 1ª e 2ª avaliación (as probas terán lugar unhas semanas despois de cada unha das sesións de avaliación) pero dado o axustado do calendario non haberá recuperación da 3ª avaliación(forma parte da avaliación final ordinaria de maio). Non haberá recuperación da última proba se seguen suspensas as dúas primeiras.

**9.Materiais e recursos**

Material elaborado pola profesora, presentacións de Power point, láminas didácticas, vídeos, manuais, diferentes páxinas web e curso de Historia da Arte na aula virtual.

**10. Medidas de atención á diversidade**

Compre a posibilidade de realizar tarefas adaptadas a aquel alumnado que o precise e sempre en coordinación co equipo de Orientación.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

As actividades organizadas para 3º da ESO son:

**-1º TRIMESTRE:** Visita á Bande, Celanova e Ourense.

**-2º TRIMESTRE:** Visita a Santiago de Compostela para traballar o Románico, o Renacemento e o Barroco.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica | | | |
| n | B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións. | B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. | HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica. | CCEC<br>CCL |
| | | | HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes. | CCEC<br>CCL |
| | | | HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo). | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| n | B1.2. A función social da arte en Grecia. | B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. | HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas. | CCEC<br>CCL<br>CSC |
| d<br>e<br>m<br>n | B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia. | B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo | CCEC<br>CCL<br>CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | (detalle de Atenea e Gea). | |
| n<br>p | B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia. | B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. | HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos. | CCEC<br>CCL |
| | | | HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| n | B1.5. Función social da arte en Roma. | B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. | HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas. | CCEC<br>CCL<br>CSC |
| d<br>e<br>m<br>n | B1.6. Comentario de obras de arte: Roma. | B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma. | CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HAB1.6.2. Identifica, analiza e | CCEC |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano. | CCL<br>CAA |
| d<br>e<br>g<br>m<br>n | B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte. | B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias. | CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CD<br>CSIEE |
| | | | HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos". | CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CD<br>CSIEE |
A materia parte das aprendizaxes adquiridas polo alumnado tanto nas anteriores etapas educativas coma na vida afectiva, familiar e social,para afondar no estudo do espazo español, integrado por diferentes realidades territoriais e inserto nos ámbitos europeo e mundial. Cómpre, xa que logo, abordar a análise xeográfica a distintas escalas. Desde os conceptos xerais, que permiten a comprensión da configuración e articulación dun espazo, ata a interpretación do territorio máis próximo, a xeografía emprega procedementos e técnicas características entre as que destacan as cartográficas.
Os contidos estrutúranse en seis bloques. As destrezas e procedementos propios da análise xeográfica constitúen os contidos comúns, que inclúen técnicas que facilitan o tratamento de datos e informacións, así como referencias a valores que formen o alumnado no rexeitamento das discriminacións e desigualdades e mais na disposición a participar activamente no contorno espacial e social no que vive. A secuencia de contidos específicos iníciase co estudo do medio físico e a súa diversidade, para seguir cos aspectos humanos: as actividades económicas, a poboación e a urbanización. Isto permite abordar a análise integral e sistémica das paisaxes e afrontar o concepto de rexionalización, analizando os criterios que  están na base do deseño das entidades territoriais, así coma as desigualdades entre estas e as medidas correctoras. Por último, abórdase a inserción de Galicia e de España nun contexto máis amplo, dentro do cal a Unión Europea é o marco de referencia clave, que se xa foi abordado sectorialmente en cada aspecto analizado, é agora obxecto dunha ollada integradora,necesaria nun mundo globalizado. Non obstante, poden existir outros xeitos de ordenamento dos contidos, sempre que se cumpran os principios de integración de variables que explican un espazo xeográfico.

OBXECTIVOS.

O ensino da xeografía no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender e explicar o territorio galego e español como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial,resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos,tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico.
2. Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen na organización do territorio para analizalo e interpretalo criticamente,empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario xeográfico e aplicándoo ao coñecemento do contorno.
3. Coñecer as características dos diferentes medios naturais existentes en Galicia e en España, identificando os trazos xeográficos que os definen,poñéndoos en relación cos espazos europeos e mundiais.
4. Comprender a distribución, estrutura e dinámica da poboación e analizar criticamente as situacións de desigualdade e discriminación socioeconómica, de xénero e étnico-cultural, e mais a súa pegada na configuración do territorio creando situacións de segregación espacial.

5. Analizar os distintos modos de explotación dos recursos, así como as actividades produtivas e os seus impactos territoriais e ambientais, recoñecendo a interrelación entre o medio e os grupos humanos como xeradora de espazos xeográficos diferenciados.
6. Interesarse activamente pola calidade do medio natural, ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia e España no contexto europeo e mundial e dos problemas derivados de certas actuacións humanas, así como entender a necesidade de políticas de ordenación territorial, ambientais e de xestión de recursos acordes co desenvolvemento sostible.
7. Comprender as relacións que existen entre os territorios que integran España, e destes coa Unión Europea, desenvolvendo actitudes de coñecemento, aprecio e cooperación cara aos espazos próximos e afastados,superando os estereotipos e prexuízos.
8. Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo interrelacionado,no que coexisten procesos de uniformación da economía e de crecente desigualdade socioeconómica.
9. Comprender e analizar a realidade xeográfica galega, a súa diversidade interna, a inserción en España e Europa desde unha posición periférica e as relacións co resto do mundo, marcadas historicamente pola emigración.

CONTIDOS MÍNIMOS

-Identificación e explicación multicausal da localización e distribución de procesos e fenómenos xeográficos e as súas implicacións.
-Busca, selección e tratamento de información relevante para o coñecemento xeográfico: fontes cartográficas, estatísticas, visuais, bibliográficas e procedentes das tecnoloxías da información e da comunicación, observación directa da realidade empregando as técnicas de traballo de campo.
-Dominio das técnicas cartográficas: lectura, interpretación e comunicación a través de planos e mapas. Manexo da escala e das diversas representacións gráficas.
-Comentario de fotografía aérea de paisaxe natural, agraria, industrial, urbana...
-Comprensión das dinámicas ecoxeográficas: as interrelacións de variables na conformación do territorio. Técnicas de análise e interpretación das paisaxes.
-Participación en debates e traballos en grupo revisando e contrastando as ideas propias coas alleas, argumentando e empregando o vocabulario específico.
-Responsabilidade no uso dos recursos e valoración das pautas de comportamento individual e social respecto da protección e mellora do medio natural.
-Toma de conciencia e adopción dunha postura crítica fronte ás desigualdades e discriminacións socioeconómicas, étnico-culturais e de xénero e a súa concreción no territorio.
-Elaboración de informes sobre algún problema ambiental ou social facendo propostas de mellora e empregando os conceptos con precisión e rigor.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

-A xeografía e o estudo do espazo xeográfico
Concepto de xeografía. Métodos e ferramenta s propias da disciplina
Característica s do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.
Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.
Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000
Técnicas cartográficas.

Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite

-O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica
España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade
Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos
Evolución xeolóxica do territorio español como conformador a das diferentes morfoestruturas
Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.
Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha
Corte topográfico: realización e análise.
Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características

-A diversidade climática e a vexetación
Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos , dinámica atmosférica e elementos do clima
Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas
Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.
Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España
Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.
Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.
Factores xeográficos e característica s da vexetación. Rexións bioxeográficas.
Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación

-A hidrografía
Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.
Vertentes hidrográficas . Principais cuncas fluviais peninsulares.
Réximes fluviais predominantes.
Zonas húmidas en España
Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais
Augas subterráneas
- As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade
Paisaxes naturais españolas.
Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedora s do patrimonio natural.
Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.
Aproveitamento sustentable do medio físico.
Variedades de paisaxes naturais.
- A poboación española
Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía
Evolución histórica.
Distribución territorial da poboación.
Migracións.
Mapa da distribución da poboación española
Mapa de densidade da poboación española.
Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.

Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega
Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.
- O espazo rural e as actividades do sector primario
Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.
Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.
Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: característi cas
Estrutura da propiedade e tenencia da terra.
Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais
Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC)
Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego
Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.
- As fontes de enerxía e o espazo industrial
Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.
Localización das fontes de enerxía en España.
Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español
Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes
Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectiva s de futuro
Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.
- O sector servizos
Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.
Análise dos servizos e distribución no territorio.
Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico
Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial
Espazos turísticos: características e evolución
Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.
Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral.
- O espazo urbano
Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio
Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.
Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento
Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia
Características da paisaxe urbana.
Usos do solo urbano. Ordenación territorial
Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades.
Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable . Cidades saudables. O territorio como recurso
- Formas de organización territorial
Organización territorial de España
Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial
Desequilibrios e contrastes territoriais.

Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia
A cuestión territorial na España das autonomía
- España en Europa e no mundo
España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.
España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa
Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial
España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.
Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais
Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais

TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre.
-A xeografía e o estudo do espazo xeográfico
-O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica
-A diversidade climática e a vexetación
-A hidrografía

2º Trimestre
- As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade
- A poboación española
- O espazo rural e as actividades do sector primario
- As fontes de enerxía e o espazo industrial

3º Trimestre
- O sector servizos
- O espazo urbano
- Formas de organización territorial
- España en Europa e no mundo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Describir os trazos xerais do medio natural español, recoñecer e localizar a diversidade de medios ecoxeográficos de Galicia e de España, identificando as variables e as relacións dinámicas que os configuran.
Mediante este criterio trátase de avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e localizar os principais medios ecoxeográficos en Galicia e en España e de explicalos desde un enfoque sistémico. Deberá avaliarse tamén a comprensión da orixinalidade das distintas paisaxes naturais, apreciando a súa riqueza e o seu carácter irrepetible.
2. Identificar e analizar os principais riscos e problemas ambientais que afectan España, coñecendo as políticas que ao respecto se propoñen no ámbito estatal e internacional e mais aplicando este coñecemento ao estudo dun problema ambiental, identificando as súas causas, relacionándoas coa actividade humana e comprometéndose activamente na súa solución.

Trátase de comprobar se o alumnado analiza o impacto das accións  humanas sobre o medio, valorando o grao de conservación ou destrución dun espazo concreto a partir da observación directa e do manexo de diferentes documentos xeográficos. Valorarase, así mesmo, a toma de conciencia sobre o uso racional dos recursos, o respecto ao medio natural e o desenvolvemento sustentable, así como a importancia das medidas e políticas orientadas para tal fin, coñecendo os compromisos internacionais acadados para a conservación e recuperación do medio natural.

3. Caracterizar os diferentes espazos produtivos españois, identificando os factores de localización e de distribución, as tipoloxías resultantes, así como a súa dinámica recente e as tendencias actuais, tendo en conta os contextos europeo e mundial.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para situar e caracterizar os principais espazos agrarios, industriais e de servizos, cunha perspectiva dinámica que permita recoñecer os factores de cambio e a incidencia das actuacións políticas, en especial, da pertenza á Unión Europea. Tamén se terá en conta a comprensión dos fenómenos espaciais a que dan lugar as actividades económicas: identificación e análise de paisaxes, desequilibrios na distribución en Galicia e en España, relación e impacto en procesos territoriais. A análise detallada centrarase nalgún sector de marcada relevancia na economía galega.

4. Analizar a distribución, estrutura, dinámica e perspectivas da poboación española e galega, valorando a importancia dos movementos migratorios e recoñecendo a segregación espacial derivada das situacións de inxustiza cara aos desfavorecidos economicamente, cara aos inmigrantes e cara ás mulleres.

Este criterio trata de avaliar a comprensión de conceptos demográficos básicos, a destreza no manexo e interpretación de distintas fontes e formas de representación gráfica. Deberase analizar a evolución da poboación española e galega e proxectala cara ao futuro, apreciando as consecuencias da estrutura demográfica e o papel que a inmigración ten na nosa sociedade, contextualizándoo no marco europeo e mundial. Teranse en conta as repercusións que os cambios na situación socio-laboral das mulleres e as políticas sociais tendentes á súa plena integración social en pé de igualdade teñen no movemento natural español e galego.

5. Analizar o proceso de urbanización español como o resultado da concorrencia de distintos axentes e intereses, así como de decisións políticas e técnicas, dando lugar a unha morfoloxía e estrutura determinada.

Identificar o papel do sistema urbano na configuración do territorio.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado sabe relacionar o proceso de urbanización con outros de tipo socioeconómico e comprender o alcance que as novas pautas de crecemento urbano teñen no territorio español, dada a intensidade do proceso e as súas peculiaridades na etapa máis recente, a través dalgún exemplo de Galicia. Trátase tamén de valorar se identifica, a partir de planos e outras fontes, a estrutura e dinámica da cidade. Interesa igualmente que se comprenda a importancia da planificación urbana e a xestión democrática como mecanismos de contención dos procesos especulativos, o crecemento anárquico e a segregación espacial.

6. Comprender o papel da ocupación do territorio e das actividades económicas na conformación das grandes unidades paisaxísticas de Galicia e de España, localizándoas e identificando os seus elementos e dinámicas, tomando conciencia da necesidade de políticas globais de ordenación territorial.

Este criterio pretende comprobar a comprensión sistémica das paisaxe así como síntese das dinámicas xeográficas. Avaliarase tamén o nivel de competencia para analizar criticamente os modelos de ocupación do territorio predominantes en Galicia e en España, considerando a ordenación territorial como mecanismo para conciliar os distintos intereses e garantir o desenvolvemento sustentable e harmónico.

7. Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais para percibir, mediante a utilización de distintos indicadores, a desigual distribución de riqueza e poboación entre as comunidades autónomas e no seu interior e mais valorando as políticas españolas e europeas de corrección de desequilibrios rexionais e os mecanismos de organización e participación activa da cidadanía.
Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende o territorio español como unha realidade xeográfica plural construída a través do tempo e organizada na actualidade en distintos espazos político-administrativos.
Avaliarase a súa identificación e localización, así como a comprensión dos efectos espaciais derivados desta organización administrativa.
Trátase tamén de comprobar a capacidade para analizar as diferenzas e desequilibrios entre as comunidades autónomas, mostrando coñecemento das políticas de cohesión e a súa incidencia en Galicia e mais competencia para a participación activa e autónoma na sociedade civil.
8. Identificar as características do sistema mundo e os trazos básicos da Unión Europea para comprender os factores que explican a inserción de España nunha área xeoeconómica e xeopolítica determinada e as súas consecuencias espaciais, atendendo de xeito especial as que afectan a Galicia e o seu papel nas políticas transfronteirizas.
Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende como afecta a globalización ao territorio español. Será especialmente importante que este coñecemento abranga a comprensión das repercusións da pertenza á Unión Europea, así como a relación con outras áreas xeoeconómicas, evidenciando o proceso de universalización do espazo xeográfico, afectado por problemas comúns e con centros de decisión supranacionais.
9. Obter, seleccionar e utilizar información xeográfica de fontes variadas (o propio contorno, cartográficas, estatísticas, textos e imaxes, tecnoloxías da información e comunicación) para interpretar a realidade xeográfica, empregando na súa comunicación un vocabulario específico e as técnicas gráficas e cartográficas.
Con este criterio preténdese comprobar que se adquiriron as competencias necesarias para a abstracción do espazo e destreza no manexo de distintas fontes de información, entre as que deben figurar con especial relevancia as cartográficas, as achegadas polas tecnoloxías da información e da comunicación e a observación directa ou en imaxes. Deberán interpretarse, relacionándoas cos coñecementos aprendidos, empregando as técnicas gráficas oportunas.
10. Realizar saídas ao contorno e traballos de campo, formular cuestións ou problemas sobre a área de estudo, recoller directamente a información e elaborar e presentar un informe estruturado utilizando un vocabulario xeográfico correcto.
Este criterio trata de avaliar en que medida o alumnado é quen de participar na planificación e realizar un traballo de indagación sobre o terreo. Trátase de avaliar especialmente a aplicación dos conceptos, técnicas e destrezas da xeografía á análise e interpretación da realidade próxima.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
As probas obxectivas terán en conta os Estándares de aprendizaxe e as orientacións para a proba das ABAU:
Definición de termos, unha cuestión práctica e unha teórica, da materia correspondente a cada exame e identificación de elementos de xeografía física e política sinalados nun mapa mudo. As definicións serán de toda a materia dada ata o momento, o mesmo que a identificación de elementos situados nun mapa. As outras cuestións serán da parte da materia dada e non examinada anteriormente. Poderá facerse un último exame no que entrará toda a materia do curso, tendo o exame dúas opcións.

Realizaranse 5 probas obxectivas ao longo do curso.
O alumnado que suspenda algunha das dúas primeiras avaliacións faráselle unha recuperación ( un só exame por avaliación na 1ª e 2ª ). Non haberá recuperación da última proba se seguen suspensas as dúas primeiras.
Para aprobar cada avaliación e a materia ao final de curso ningún exame deberá ter nota inferior a 3 SOBRE 8.
Nas dúas primeira avaliacións, unha nota inferior a 4 suporá ter que facer a recuperación (sendo recomendable facela con nota inferior a 5).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PROBAS ESCRITAS OBXETIVAS E INDEPENDIENTES---80%
(2 PARCIAIS DE DÚAS UNIDADES POR TRIMESTRE)

PRÁCTICOS, TAREFAS.....---20% (8 TAREFAS POR TRIMESTRE)
0,25 Pts POR CADA TAREFA ENTREGADA DE FORMA SATISFATORIA

80%+20%---100%

PROCEDEMENTO

As probas obxectivas terán en conta os Estándares de aprendizaxe e as orientacións para a proba das ABAU:
Definición de termos, unha cuestión práctica e unha teórica, da materia correspondente a cada exame e identificación de elementos de xeografía física e política sinalados nun mapa mudo. As definicións serán de toda a materia dada ata o momento, o mesmo que a identificación de elementos situados nun mapa. As outras cuestións serán da parte da materia dada e non examinada anteriormente. Poderá facerse un último exame no que entrará toda a materia do curso, tendo o exame dúas opcións.
Realizaranse 6 probas obxectivas ao longo do curso.
O alumnado que suspenda algunha das dúas primeiras avaliacións faráselle unha recuperación. Non haberá recuperación da última proba se seguen suspensas as dúas primeiras.
Para aprobar cada avaliación e a materia ao final de curso ningún exame deberá ter nota inferior a 3 .
Nas dúas primeira avaliacións, unha nota inferior a 4 suporá ter que facer a recuperación (sendo recomendable facela con nota inferior a 5).

RECURSOS

Libro de texto recomendado: Xeografía de editorial Anaya. Curso de Xeografía de España na Aula virtual do centro asi como os recursos didacticos e metodoloxicos pertencentes o aula virtual do IES San Clemente ( Santiago de Compostela)
Bibliografía xa citada, Aula Virtual, DVD, pizarra dixital, presentacións de Power points, recursos da REDE ( páx. Web, blogs…).

METODOLÓXIA.

A xeografía no bacharelato debe proporcionarlle ao alumnado as claves interpretativas para abordar a complexidade dos procesos territoriais, comprensión do espazo xeográfico. Algunhas liñas metodolóxicas, con carácter xeral e aberto, serán:
-Selección e interpretación de información de diversas fontes, favorecendo a transformación do coñecemento cotián en escolar para construír as explicacións que lle den coherencia e permitan elaborar un discurso argumentado que cumpra cos requisitos que caracterizan as ciencias sociais.
-Análise de problemas sociais e ambientais relevantes, facilitando a conceptualización teórica por parte do alumnado e permitíndolle unha mellor comprensión do mundo no que vive.
-Potenciar a comprensión da multicausalidade, de maneira que o alumnado se achegue á complexidade da realidade xeográfica.
-Utilización de técnicas básicas de análise de paisaxes como síntese da realidade xeográfica e realización das dinámicas ecoxeográficas, axudando a comprensión e contextualización dos procesos espaciais, en particular, aqueles decisivos na conformación territorial de Galicia e España.
-Fomento do traballo colaborativo e grupal, estimulando a participación en debates, sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.
-Análise do contorno, non só como un fin en si mesmo, senón, e sobre todo, como medio para reflexionar sobre os elementos que conforman o territorio, as súas interaccións e dinámicas, de xeito que se adquira a capacidade de abstracción espacial e técnicas de análise aplicables a outros espazos distintos e distantes.
-Saídas didácticas e o traballo de campo como medio de achegamento directo a unha realidade xeográfica específica.
-Enfoque interdisciplinar, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia. Presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan os aspectos cartográfico, icónico, estatístico e verbal.
-Emprego de ordenador e internet para traballar con fotografía, planos mapas, cadros estatísticos, gráficos, diagramas,…..
-Elaboración de traballos de investigación e de síntese que potencien a autonomía persoal.

PROCEDEMENTOS
-Comentario de imaxes, gráficos e mapas.
-Análise e comentario de perfís topográficos e de hidrogramas.
-Elaboración e comentario de climogramas.
-Comentario e análise de mapas do rochedo peninsular.
-Comentar mapas e fotografías de formacións vexetais e formacións bioclimáticas.
-Análise de táboas estatísticas, mapas de variables socioeconómicas con repercusións espaciais.
-Análise de noticias e textos xeográficos.
-Elaboración e análise de pirámides de poboación.
-Comentario de planos urbanos, e de mapas e redes de xerarquías urbanas.
-Traballar e comprender secuencias de mapas históricos coas divisións administrativas.
-Identificar unidades do relevo peninsular e costeiro.
-Identificar provincias e comunidades autónomas.
-Comentario de todo tipo de paisaxes.

METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL:

Unha vez comprobado que todo o alumnado de ESO, Bacharelato e ESA dispón de medios á súa disposición para seguir as clases telematicamente e que todo o alumnado está matriculado nos cursos de Xeografía e Historia e que pode acceder sen problemas á aula virtual para a entrega de tarefas, o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia empregará os medios ó seu alcance para o desenvolvemento educativo nos casos de confinamento parcial ou total.
Durante todo o período en que o ensino teña que ser necesariamente a distancia, o profesorado empregará as vídeo conferencias para o seguimento do alumnado, explicacións teóricas, resolución de dúbidas e de tarefas propostas na Aula Virtual do IES de Rodeira, empregando aqueles sistemas aconsellados pola Consellería de Educación, ben Webex, ben calquera outro.
Por acordo do Departamento, en consonancia coa proposta de Dirección, o horario das videoconferencias coincidirán co horario da materia determinado para cada grupo. No caso de ser necesaria a súa alteración, esta debe producirse trala consulta e visto bo de xefatura de Estudos e do titor do grupo.
En prol do dereito á educación e para evitar situacións de absentismo, terase en conta:
Que nas situacións de ensino online ou semipresencial derivadas da suspensión das actividades lectivas presenciais, consideraranse faltas de asistencia a non participación nas sesións telemáticas que se poidan convocar polo profesorado (video chamadas, reunión online, ec…)
Considérase que o alumno está faltando inxustificadamente ás clases cando non se produza ningún tipo de conexión, actualización de estado ou falta de comunicación durante unha semana na aula virtual, correo-e ou mesmo vía telefónica.
O profesor poderá requirir a participación do alumnado en calquera momento da sesión, participación que poderá ser tida en conta na súa avaliación.
A proposta e entrega de Tarefas, así como todos os materiais que se consideren oportunos para o desenvolvemento curricular e dos estándares, presentacións, fichas de traballo, materiais de apoio, enlaces url ec. serán incluídos polo profesor no seu Curso na Aula Virtual do IES de Rodeira. Tamén se poderán empregar enderezos electrónicos para que o alumnado transmita ó profesor, dúbidas, petición de explicacións parciais, suxestións...e, se fose preciso, chamadas telefónicas ou wassaps.
No caso de ser necesario, se o/a alumno/a non puidese acudir ó centro para realizar as probas escritas, contémplase a posibilidade de que o alumnado realice probas de avaliación mediante videoconferencia nunha data proposta polo/a profesor/a. Durante a proba o/a profesor/a poderá formular preguntas orais ou escritas. O son e a cámara deberán estar conectados en todo momento. Poderanse propoñer tamén tarefas que, nalgúns casos, serán avaliadas seguindo as rúbricas que o profesor previamente poña en coñecemento do alumnado.
Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, así como o sistema de cualificación serán os mesmos que no ensino presencial.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Contemplaranse aquelas exposicións non permanentes e saídas que estean relacionadas co contido curricular da materia.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Despois de explicados os temas o alumnado realiza análise de diferentes documentos, que son corrixidas por o profesorado da materia, serviran para reforzar os contidos e paliar as dificultades dos que non acaden valoración positiva nas primeiras probas.

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina. | B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos. | XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable. | B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. | XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas. | CMCCT<br>CAA |
| d<br>g<br>i<br>l | B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas. | B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico | XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. | CMCCT<br>CAA<br>CD |
| d<br>g | B1.4. Planos e mapas: | B1.4. Analizar e comentar o mapa | XHB1.4.1. Extrae información do | CMCCT<br>CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| i<br>l | compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000. | topográfico nacional E: 1/50.000. | mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo. | CD |
| | | | XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas. | CMCCT<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B1.5. Técnicas cartográficas. | B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos. | XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite. | B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado. | XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade. | B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade. | XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos | B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo. | XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | principais accidentes xeográficos. | | relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular. | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas. | B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais. | XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe. | B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe. | XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha. | B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía. | XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B2.6. Corte topográfico: realización e análise. | B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor. | XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d | B2.7. Concepto de | B2.7. Identificar as | XHB2.7.1. | CMCCT |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e<br>g<br>i<br>l | solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características. | características edáficas dos solos. | Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España. | CAA<br>CCL |
| | | | XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación | | | |
| d<br>g<br>i<br>l | B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima. | B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos. | XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España. | CMCCT<br>CA<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas. | B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferencialos. | XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes. | B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas. | XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación. | B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou | XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | precipitacións de España. | representativos. | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España. | B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. | XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación. | B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares. | XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular. | B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía. | XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d | B3.8. Factores | B3.8. Identificar as | XHB3.8.1. | CMCCT |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g<br>i<br>l | xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas. | rexións vexetais. | Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características. | CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación. | B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas. | XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan. | CMCCT<br>CA<br>CD |
| | | | XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 4. A hidrografía | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes. | B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe. | XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares. | B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características. | XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>g<br>i<br>l | B4.3. Réximes fluviais predominantes. | B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos. | XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España. | CMCCT<br>CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B4.4. Zonas húmidas en España. | B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características. | XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais. | B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima. | XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B4.6. Augas subterráneas. | B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información. | XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B5.1. Paisaxes naturais españolas. | B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos. | XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CSC |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural. | B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano. | XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CSC |
| | | | XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CSC |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais. | B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos. | XHB5.3.1. Diferencia as paisaxes humanizadas das naturais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico. | B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre | XHB5.4.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social. | medio na actividade humana. | |
| | | | XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B5.5. Variedades de paisaxes naturais. | B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais. | XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 6. A poboación española | | | |
| d<br>g | B6.1. Fontes para o estudo da | B6.1. Identificar as fontes para o | XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de | CMCCT<br>CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| i<br>l | poboación.<br>Procedementos de análise en demografía. | estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos. | estudo da poboación. | CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.2. Evolución histórica. | B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española. | XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.3. Movementos naturais de poboación. | B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais. | XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB6.3.2. Elixe datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.4. Distribución territorial da poboación. | B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación. | XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d | B6.5. Migracións. | B6.5. Explicar a | XHB6.5.1. | CMCCT |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e<br>g<br>i<br>l | | distribución da poboación española identificando as migracións. | Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España. | CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.6. Mapa da distribución da poboación española. | B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha. | XHB6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.7. Mapa de densidade da poboación española. | B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura. | XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas. | B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades. | XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g | B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, | B6.9. Explicar as perspectivas de poboación | XHB6.9.1. Selecciona e analiza | CMCCT<br>CAA<br>CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| i<br>l | problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega. | española e a ordenación do territorio. | información sobre as perspectivas de futuro da poboación española. | CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico. | B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información. | XHB6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa. | B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España. | XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas. | CCL<br>CAA<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios. | B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as | XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| p | | súas características. | agrarios. | |
| | | | XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas. | CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características. | B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat. | XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra. | B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra. | XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais. | B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións. | XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC). | B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea. | XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB7.6.2. Comenta textos | CCL<br>CAA |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | xornalísticos que expliquen a situación española na PAC. | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego. | B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas. | XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe. | CCL<br>CAA |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio. | B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía. | XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica. | B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual. | XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para | CCL<br>CAA<br>CMCCT |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | explicar a evolución histórica da industrialización española. | |
| | | | XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto. | CCL<br>CAA<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B8.2. Localización das fontes de enerxía en España. | B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España. | XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CDC |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español. | B8.3. Coñecer os factores da industria en España. | XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes. | B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d | B8.5. Rexións | B8.5. Describir os | XHB8.5.1. Sinala | CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e<br>g<br>i<br>l | industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro. | eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro. | nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais. | CD<br>CAA |
| | | | XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial. | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española. | B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación. | XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 9. O sector servizos | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa | B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no | XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | do sector terciario. | produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio. | B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio. | XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico. | B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura. | XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos). | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial. | B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características. | XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.5. Espazos turísticos: características e evolución. | B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais. | XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos. | B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social. | XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral. | B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística. | XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflictan o seu impacto nunha paisaxe. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CSC |
| | Bloque 10. O espazo urbano | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio. | B10.1. Definir a cidade. | XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade. | B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados. | XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento. | B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas. | XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana. | CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia. | B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa | XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB10.4.2. | CCL |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta. | CD<br>CAA |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B10.5. Características da paisaxe urbana. | B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial. | B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio. | XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características. | XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso. | B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de | XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | comunicación social ou na bibliografía. | | |
| | Bloque 11. Formas de organización territorial | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B11.1. Organización territorial de España. | B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. | XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial. | B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | de España. | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais. | B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores. | XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia. | B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia. | XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l<br>p | B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías. | B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas. | CAA<br>CCL |
| | Bloque 12. España en Europa e no mundo | | | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a | B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus | XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | unidade e a diversidade política. | territorios. | ten máis relación. | |
| | | | XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. | XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España. | XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España. | CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos. | XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CSC |

| | Xeografía. 2º de bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | exemplificacións que afecten a España. | |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos. | XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d<br>e<br>g<br>i<br>l | B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social. | XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica. | CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CD |

Priorizarase o traballo de contidos e estandares de aprendizaxe que teñan que ver coas Indicacións do grupo de traballo CIUGA de Xeografía, para probas ABAU.

17 -Programación didáctica ESA. Ámbito de Comunicación

## 0. Introdución e contextualización

A educación secundaria para adultos desenvolve os procesos de pensamento, reflexión e análise necesarios para que as mulleres e os homes se adapten as presións cotiás do medio natural e social e aos cambios que nel se producen.
Estas necesidades fanse imprescindibles para moitos adultos que non tiveron a posibilidade de acceder a unha educación formal suficiente no seu momento, educación que lles permitirá integrarse e promocionarse adecuadamente no mundo social e laboral.
Desde esta óptica da educación como tarefa continuada na vida , formularanse unha serie de obxectivos, contidos, metodoloxía para poder aproveitar todos os recursos dispoñibles de maneira satisfactoria.
A lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro e posteriormente a Lei 9/1992, do 24 de xullo, xunto co decreto 88/1999, do 11 de marzo, constitúen o punto de referencia obrigada para o desenvolvemento da educación de adultos.
O Real Decreto 1631/2006 , determina as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria e establece que as ensinanzas deben orientarse ao logro das competencias básicas, imprescindibles para a realización persoal, para exercer a cidadanía activa, para incorporarse á vida social e laboral e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
No ámbito da comunicación intégranse os coñecementos, destrezas e valores que permiten a unha persoa adulta comunicarse cos demais na lingua ou linguas que lle son propias , e nunha lingua estranxeira. Tómanse como referencia os aspectos básicos do currículo relativos as materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e a primeira lingua estranxeira. Esta organización do currículo fomentará a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimensión intercultural e a estruturación e organización do propio pensamento. Os obxectivos do ámbito só se poden acadar con un enfoque integrador das linguas, sen esquecer a existencia de aspectos específicos de cada unha das materias integradas no ámbito.
Por outro lado, para a elaboración do currículo do ámbito comunicativo debe terse en conta as características do alumnado ao que vai dirixido. As persoas adultas caracterízanse por ter, por unha parte, coñecementos adquiridos ao longo da súa traxectoria vital, na situación familiar, na experiencia laboral e noutros ámbitos e , por outra , un grao de madurez en tódalas ordes do que carecen os nenos e adolescentes. Estas características xunto cas súas necesidades de inserción ou mellora social, cultural e profesional, así coma outros condicionantes de tipo social (falta de tempo e de ambiente de estudio) levan a crear proxectos curriculares que responden a estas circunstancias. Isto supón adaptar o currículo das ciencias á formación básica destas persoas adultas xa que se parte de escasos coñecementos previos e compaxinan o estudio con outras responsabilidades.
Para o curso 2019-2020 teremos clases bastantes heteroxénea, con persoas dende 16, que aínda teñen cerca a súa escolarización, a persoas de ata 40 anos, que poden presentar lagoas de aprendizaxe e dificultade memorística. Coma resposta a este reto selecciónanse os contidos elixindo os que se consideran máis idóneos para a construción dun coñecemento significativo e aqueles que poidan ter pouca aplicabilidade na vida cotiá. Estes contidos deberán estar relacionados coa cultura do alumnado e das diferentes disciplinas que configuran o ámbito.

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.
A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.
O ámbito da comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.
Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para conseguir unha competencia plena en ambalas dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.
Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran a ámbito como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambalas dúas.
Os contidos do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: normas ortográficas, clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, obras e xéneros máis representativos das literaturas galega e castelá.
O ámbito da comunicación (lengua e lingua) preséntase dividido en cinco bloques:
O bloque 1 "Comunicación oral: escoitar e falar" atende ao uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.
O bloque 2 "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en galego e castelán.
O bloque 3 "Funcionamento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4  ”Lingua e sociedade” céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.
O bloque 5 "Educación literaria" asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en galego e castelán.

1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias claves de educación secundaria.
- Comunicación lingüística (CCL)
A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e contexto comunicativos.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
A linguaxe é, asemade, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.
- Competencia dixital (CD)
A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.
- Aprender a aprender (CAA)
O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionario, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.
A ensinanza das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.
Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste Ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade así como a erradicación de usos discriminatorios da linguaxe.
O tratamento dos contidos que integran o ámbito de comunicación ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten con estas competencias clave.
As competencias clave e o concepto de aprendizaxe competencial nacen dunha relación co aprendizaxe permanente, xa que desde os organismos educativos europeos indícase que a xente necesitara un grande número de competencias para desenvolver o seu potencial persoal e laboral nunha sociedade cambiante na que deberán asumir traballos que pode que inda non existan. Necesitarán competencias lingüísticas e interculturais , capacidades creativas e de innovación , e por suposto a habilidade de aprender autonomamente.

2. Concreción, de ser o caso , dos obxectivos para a etapa
A educación secundaria para adultos vai axudar a desenvolver aos alumnos e alumnas as habilidades que lles permitan:

a) Formar unha imaxe adecuada de si mesmos; das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensa- mento e iniciativa.
d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprende- dor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar deci- sións e asumir responsabilidades.
g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

As materias troncais quedan englobadas en ámbitos: ámbito comunicativo (lengua castelá e literatura, lingua galega e literatura e inglés) e ámbito científico.
Así os estándares que lles corresponden en este caso (Ámbito comunicativo I: Lengua e Lingua) son:

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR | | | | |
| d e g h l ñ | B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación. | B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CCEC |
| | | | B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá. | |
| | | | B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía. | |
| a g i | B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | B.1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao | B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita. | CCL <br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | obxectivo da escoita. | | |
| | | B.1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto. | B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto. | |
| a c d g h i j | B1.3. Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese. | B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese. | B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias. | CCL  CAA CSC |
| | | | B1.4.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas ...) | |
| a e l | B1.4. Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás producións. | B1.5. Coñecer e aplicar as TIC na produción de textos orais e escritos. | B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais. | CCL  CD |
| a g | B.1.5. Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos. | B.1.6. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | B1.6.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas. | CCL |
| | B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia | B1.7. Valorar as producións orais | B1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | correcta. | emitidas cunha fonética e prosodia correcta. | recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. | |
| | | | B1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. | CCL  CAA  CSC |
| a b d e f g i | B1.7. Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes. | B1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | B1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos. | |
| | | | B1.8.2. Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais | |
| | | | B1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía. | |
| | | | B1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións. | |
| a b c d m n | B1.8. Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos que están implícitos prexuízos de todo tipo. | B1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en | B1.9.1. Recoñece a intencionalidade do/-a emisor/-a a partir dos | CCL CSC  CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | textos orais e escritos. | elementos contextuais. | |
| | | B1.10. Analizar criticamente as mensaxes que leven calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias. | B1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación. | |
| | | | B1.10.2. Evita o seu uso. | |
| c d m n | B1.9. Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais. | B1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas coma planificadas. | B1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación | CCL CD CAA CSC |
| | | | B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega. | |
| | | | B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación. | |
| a e f g h i j | B.1.10. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. | B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma | B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais. | CCL CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | individual ou en grupo. | | |
| | | | B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade. | |
| | | | B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. | |
| | | | B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais. | |
| | | | B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | |
| | | | B1.12.6. Recoñece e avalía erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos). | |
| a e f | B1.11. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida | B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, | B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai | CCL □<br>CSC □<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | cotiá e educativa | de interese persoal ou social | invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas | |
| | | | B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | |
| a e g | B1.12. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación. | B1.12. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | B1.12.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. | CCL □<br>CAA |
| BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LEER E ESCRIBIR | | | | |
| a e g h | B2.1. Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado. | B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación. | B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. | CCL □<br>CAA □<br>CD □<br>CSC |
| | | | B2.1.2. Comprender, interpretar textos dos medios de comunicación. | |
| | B2.2. Comprensión e interpretación de textos narrativos. | B2.2. Comprender e interpretar textos | B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos. | CCL □<br>CAA □ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | narrativos. | | CSC |
| | | | B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa. | |
| a e g h i | B2.3. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A noticia. | B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia. | B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia). | CCL □<br>CAA □<br>CD □<br>CSC |
| | | | B2.3.2 Identifica coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística. | |
| | B2.4. Comprensión e interpretación de anuncios publicitarios. | B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios. | B2.4.1. Comprende, interpreta anuncios publicitarios. | |
| | | | B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria. | |
| g | B2.5. Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas. | CCL |
| g h j | B2.6. Análise pautada, síntese do contido, de textos escritos, en formato papel ou dixital, para a identificación das ideas principais e secundarias. | B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetízao. | B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas. | CCL □<br>CAA |
| | | | B2.6.2. Fai esquemas coas | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ideas principais e secundarias. | |
| | | | B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos. | |
| | | | B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo. | |
| | | B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto. | |
| a e f g h i j | B2.7. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital. | B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva. | B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organízaas e fai un esbozo. | CCL<br>CMCCT <br>CD<br>CSC<br>CCEC |
